



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 28 DE NOVEMBRO DE 2024

En Laxe, sendo as 20:00 horas do 28 de novembro de 2024, reúnense, no Salón de Plenos do Concello, aos efectos de celebración da sesión ordinaria, o alcalde, don Francisco Charlín Oróns (PP), presidindo o Pleno e os concelleiros:

Dona Raquel Lema Allo (PP)  
Dona Sandra Mouzo Pose (PP)  
Don Daniel Mata Martínez (PP)  
Dona Begoña Gegúndez Allo (PP)

Don Don Xosé Manuel Pose Lema (BNG)  
Dona Isabel María Toja Toja (BNG)

Don Don Fernando del Moral Regaldíe (Integrante do Grupo mixto e representante de UNIDAS PODEMOS)

Non asisten:

Don Eulogio Constantino Castiñeira (PP)  
Dona María Cristina Vázquez del Prisco (BNG)  
Don Don Francisco José Vidal Castro (Integrante do Grupo mixto e representante do PSdeG PSOE)

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese o análise dos puntos incluídos na Orde do Día.

#### A) PARTE RESOLUTIVA

##### 1. APROBACIÓN DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE DATAS 11/09/2004 E 26/09/2024. Expte. núm. 2024/G006/000036.

Dase conta dos borradores das actas das sesións anteriores de datas 11/09/2004 e 26/09/2024, para a súa consideración polo Pleno da Corporación.

Don Fernando del Moral Regaldíe manifesta que na acta do 26/09/2024 figuran recollidas unhas preguntas que formulou sen contestación, polo anterior, a aprobación do borrador do Pleno de 26/09/2024 deixase para a próxima sesión.

Non habendo intervencións, sométese a votación o borrador de 11/09/2024, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 8 [(5 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez e Dona Begoña Gegúndez Allo) 2 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema e Dona Isabel María Toja Toja) 1 do Grupo Mixto (Don Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS)]

**VOTOS EN CONTRA:** 0

**ABSTENCIÓNS:** 0

Queda por tanto, aprobado o borrador do pleno de data 11/09/2024.

##### 2. RESOLUCIÓN ÁS RECLAMACIÓN PRESENTADAS Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DA PISTA MUNICIPAL DE PÁDEL. Expte. núm. 2024/G013/000006.

Dase conta da seguinte proposta:

“Expte. núm.: 2024/G013/000006

*PROPOSTA DE ALCALDÍA EN RELACIÓN Á IMPOSICIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 39, REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA PISTA MUNICIPAL DE PADEL*

*Por Acordo do Pleno con data de 30 de maio de 2024 aprobouse provisionalmente a ordenanza fiscal nº 39, reguladora da taxa pola prestación do servizo da pista municipal de padel.*

*Con data de 5 xuño de 2024, o Acordo provisional foi sometido a exposición pública polo prazo de trinta días, para a presentación de reclamación e suxerencias, mediante anuncio no BOP da Coruña núm. 108.*

*Durante o período de exposición pública presentouse con data do 4 xullo de 2024, no Rexistro do Concello escrito de D. Fernando del Moral Regaldíe, como Concelleiro electo do Concello de Laxe, formulando alegacións ao establecemento e imposición da Ordenanza Fiscal nº 39.*

*Así mesmo, nas datas do 15, 16 e 17 de xullo de 2024, tiveron entrada no Rexistro do Concello múltiples escritos de alegacións de varios/as veciños/as do Concello de Laxe, cun contido e forma idénticos ao presentado o 4 de xullo.*

*Con data de 25 de setembro de 2024, a través da Secretaría-Intervención do Concello de Laxe, informáronse as alegacións presentadas polos interesados. No dito informe consta que:*



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

"En canto ao fondo do contido da reclamación, céntrase en 3 aspectos:

### ALEGACIÓN 1

Alégase o establecemento dunhas cotas que permitan a práctica do deporte do pádel de tal maneira que sexa accesible economicamente a todas as persoas, contribuíndo a mellorar a saúde e o benestar da comunidade e ter en conta para establecelas, xunto co tempo de aluguer da pista, o número de usuarios que van a facer uso da mesma e que se estableza o importe da taxa en función deste criterio.

Para a resolución desta alegación, cómpre, en primeiro termo, ter de referencia o informe técnico económico para a determinación do custo, así coma a seguinte normativa:

● Artigo 24, apartados 2 e 3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo cal se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais:

"2. En xeral, e de acordo co previsto no parágrafo seguinte, o importe das taxas pola prestación dun servizo ou pola realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto, do custo real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate ou, no seu defecto, do valor da prestación recibida.

Para a determinación do dito importe tomaranse en consideración os custos directos e indirectos, inclusive os de carácter financeiro, amortización do inmovilizado e, se é o caso, os necesarios para garanti-lo mantemento e un desenvolvemento razoable do servizo ou actividade pola prestación ou realización dos cal se esixe a taxa, todo isto con independencia do orzamento ou organismo que o satisfaga. O mantemento e desenvolvemento razoable do servizo ou actividade de que se trate calcularase de acordo co orzamento e proxecto aprobados polo órgano competente.

3. A cota tributaria consistirá, segundo dispoña a correspondente ordenanza fiscal:

A cantidade resultante de aplicar unha tarifa.

Unha cantidade fixa sinalada para o efecto, ou

A cantidade resultante da aplicación conxunta de ambos os procedementos".

● Artigo 25 e do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo cal se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais:

"Os acordos de establecemento de taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público, ou para financiar total ou parcialmente os novos servizos, deberán adoptar á vista de informes técnico-económicos en que se poña de manifesto o valor de mercado ou a previsible cobertura do custo daquelas, respectivamente. O dito informe incorporárase ao expediente para a adopción do correspondente acordo".

● Artigo 7 da Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos:

"As taxas tenderán a cubrir o custo do servizo ou da actividade que constitúa o seu feito impositivo".

A xustificación da cota ven dada no informe técnico económico suscrito pola Secretaría-Intervención en data 24 de maio de 2024, que consta no expediente nº2024/G013/000006 e que serviu de base para a elaboración da proposta formulada pola Alcaldía ao Pleno da Corporación.

Por outra banda e preciso clarificar que aunque en circunstancias especiais pode xogarse de xeito individual, o pádel e un deporte que se xoga por parellas (dous contra dous), polo que unha persoa que quera practicar este deporte dúas veces a semana, pagará ao mes 20 euros fronte aos 80 que alega o reclamante.

Visto o anterior, compre desestimar a alegación.

### ALEGACIÓN 2

Alégase que se inclúa no texto da ordenanza un apartado que prevexa a redución de cota para aquelas persoas que se atopen en situación ou risco de exclusión social, das que se verifique a ausencia ou déficit grave de recursos económicos e a situación de desemprego, así como a concorrencia dalgunhas das condicións ensinadas no escrito de alegacións cando esa condición supoña especial dificultade de integración social ou laboral.

Enténdese que a prestación do servizo de pista de pádel é un servizo de carácter non esencial. O uso de pistas de pádel, a diferenza doutros servizos básicos non é fundamental para a subsistencia ou o desenvolvemento persoal. Polo tanto, non se xustifica a necesidade de bonificacións para garantir o acceso a este tipo de actividades. Existen outras opcións para a promoción do deporte gratuítas no Concello, como parques, sendeiros ou instalacións deportivas ao aire libre, que poden ser utilizadas por persoas con recursos limitados.

Doutra banda, a implementación dun sistema de reducións baseadas en múltiples criterios (discapacidade, desemprego, inmigración, violencia de xénero, etc.) pode engadir unha capa significativa de complexidade administrativa. Introducir un sistema de reducións implica un maior custo administrativo e pode xerar problemas de xestión e control, como a necesidade de verificar a situación de cada usuario e evitar posibles fraudes.

Visto o anterior, compre desestimar a alegación.

### ALEGACIÓN 3

Alégase que na proposta non se achega o informe técnico económico empregado par a determinación do custo deste servizo. E solicítase a presentación do informe técnico económico que xustifica dita taxa.

O informe técnico económico suscrito pola Secretaría-Intervención en data 24 de maio de 2024, que serviu de base para a proposta formulada pola Alcaldía ao Pleno da Corporación, que consta no expediente nº2024/G013/000006. Dita documentación púxose a disposición dos concelleiros para o seu examen e consulta, dende a convocatoria da sesión do Pleno ordinario de data 30 de maio, dando cumprimento ao establecido no artigo 84 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

Visto o anterior, compre desestimar a alegación."

Considerando o disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo; na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; na Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos; e na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sustentabilidade Financeira; este expediente estase a tramitar conforme a lexislación aplicable procedendo á súa aprobación polo Pleno de conformidade con artigo 22.2.d) da Lei 7/985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

É polo que esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción da seguinte:

### PROPOSTA

PRIMEIRO: DESESTIMAR as alegacións presentadas, en base ao disposto no informe de Secretaría-Intervención de data 25 de setembro de 2024.

SEGUNDO: APROBAR con carácter definitivo, a imposición da taxa e a redacción definitiva da Ordenanza fiscal núm. 39 reguladora da taxa pola prestación do servizo da pista municipal de padel, segundo consta no ANEXO que figura neste acordo.

TERCEIRA: PUBLICAR o devandito acordo definitivo e o texto íntegro da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo da pista municipal de padel, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello, con aplicación a partir da data sinalada pola devandita Ordenanza. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello: <https://sede.laxe.es/sxc/aj/>

CUARTA: NOTIFICAR este Acordo a todos aqueles que presentasen alegacións durante o período de información pública.

Laxe, documento asinado dixitalmente, na data sinalada á marxe.

O alcalde, Francisco Charlín Oróns

### ANEXO

#### ORDENANZA FISCAL Nº39 REGULADORA DA TAXA E USO DO SERVIZO DA PISTA MUNICIPAL DE PÁDEL

#### ÍNDICE DE ARTIGOS

ARTIGO 1.- FUNDAMENTO

ARTIGO 2.- OBXECTO

ARTIGO 3.- COMPETENCIA.

TÍTULO PRIMEIRO.- NORMAS DE FUNCIONAMENTO

TÍTULO PRIMEIRO.- NORMAS DE FUNCIONAMENTO

ARTIGO 4.- USUARIOS

1. Poderán utilizar as pistas de pádel calquera persoa que o solicite e que aboara o correspondente aluguer da pista.

2. Queda prohibido o uso da pista:

–Aos menores de 12 anos, salvo que se encontren baixo a supervisión dun adulto.

–Aqueles persoas que fosen sancionadas conforme a esta Ordenanza e durante o tempo que dure a sanción.

ARTIGO 5.- NORMAS DE FUNCIONAMENTO DA INSTALACIÓN



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### 5.1.- CONDICIÓN DE USO

1. Para poder usar a pista é necesario reservar mediante unha solicitude e pagar a taxa correspondente.
2. As reservas poderán realizarse en periodos de unha hora e trinta minutos.
3. Non se devolverá o importe da reserva cando se tivera reservado con anterioridade. En caso de que as condicións da pista ou a climatoloxía non permitan a práctica deportiva, terase a opción de anular a reserva cambiándoa para outro día.
4. Os acompañantes non poderán acceder á pista.
5. Dentro da pista non está permitido comer, fumar nin introducir obxectos de vidro ou calquera outro que poida causar danos ao céspede ou ás mamparas. Tampouco está permitida a entrada de animais.
6. Algunha das persoas que en cada momento estén utilizando as pistas deberá coincidir exactamente con aquela que se encontre apuntada na solicitude. De non ser así, veranse obrigados a abandonar a pista.
7. Os usuarios serán responsables dos desperfectos ocasionados, podendo impoñerse sancións conforme á normativa legal e o disposto nesta ordenanza.
8. Os usuarios deberán seguir as instrucións e requirimentos do persoal encargado da instalación.
9. O Concello de Laxe non se fará responsable en ningún caso de:
  - Lesións que poideran derivarse da práctica deste deporte.
  - Perda, roubo ou extravío de calquera tipo de obxecto que se deixe nas instalacións.

### 5.2.- EQUIPAMENTO

O equipamento para acceder á pista debe ser deportivo e adecuado á práctica deste deporte. Só se usarán palas e pelotas de pádel, quedando excluídos outros artefactos de impacto como raquetas de tenis, palas de praia, palas de frontón, pelotas de tenis, pelotas de frontón. A pista está adecuada á práctica de pádel, polo que calquera outro xogo queda prohibido.

### 5.3.- HORARIOS DE USO

Con carácter xeral, a solicitude de reserva da pista formularase con antelación suficiente á data de utilización e a súa reserva precisará de confirmación previa polo Concello, o cal comprobará se existe persoal encargado de atender a pista no horario solicitado, e se facilitarán datos de contacto.

Os horarios regulares de uso da pista serán:

Todos os días de 9:00 ata as 22:30 horas. Excepcionalmente, e fóra deste horario, poderase autorizar a súa utilización se existe dispoñibilidade de medios persoais no Concello para atender o servizo. A tal efecto, a solicitude de pista fóra do horario regular establecido formularase con antelación suficiente á data de utilización e a reserva, precisará de confirmación previa polo Concello, o cal comprobará se existe persoal encargado de atender a pista no horario solicitado, e se facilitarán datos de contacto do encargado de atender a instalación.

### 5.4.- DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES

O Concello de Laxe poderá organizar competicións deportivas, cursos de pádel, etc., quedando anulado o sistema de reservas ata a conclusión de ditas actividades, xa que a pista quedará reservada a este fin. Tamén poderá o Concello restrinxir as reservas en determinadas horas ou días para labores de mantemento ou por ausencia de persoal que poida atender o servizo.

### 5.5.- CONSERVACIÓN DA PISTA

1. Antes de entrar na pista os xogadores deberán eliminar restos de terra ou barro que poideran levar nas zapatillas. Igualmente, ao saír da pista procurarán non deixar abandonados utensilios, complementos, roupas, botes de pelotas, botellas, etc.
2. Se os usuarios observan algunha anomalía ou desperfecto na instalación, deberán poñelo en coñecemento do Concello.

### TÍTULO SEGUNDO.- TAXA

#### ARTIGO 6.- OBRIGADOS Ó PAGO

Están obrigados ao pago da taxa as persoas físicas ou xurídicas (entidades, clubs, federacións etc) que soliciten a utilización da pista de pádel que depende deste Concello.

#### ARTIGO 7.- COANTÍA

A coantía da cota tributaria será a que resulte de aplicación da seguinte tarifa:

–10 euros hora e media sen luz.

–12 euros hora e media con luz.

#### ARTIGO 8.- ABONO DA COTA TRIBUTARIA

O ingreso da taxa farase da seguinte maneira:

8.1.- Mediante autoliquidación en calquera das entidades bancarias nas que o Concello ten conta aberta. Non se prestará o servizo solicitado sen a presentación do xustificante de ter ingresado a correspondente taxa.

8.2.- A través da plataforma de reservas habilitada para ese efecto.

A reserva e o abono da taxa por uso da instalación efectuarase a través da plataforma descrita no punto anterior, nos horarios de apertura da instalación e con carácter previo a acceder á mesma, abonando a cantidade correspondente.

### TÍTULO TERCEIRO.- RÉXIME SANCIONADOR

#### ARTIGO 10.- INFRACCIÓN

1. Terá a consideración de infracción calquera incumprimento das normas establecidas na presente ordenanza, de conformidade co establecido no título XI da Lei 7/1985, de 2 de abril, rexedora das Bases do réxime local, tipificándose como moi graves, graves e leves.

Quenes fagan un mal uso da instalación ou provoquen danos intencionados poderán ser sancionados sen utilizar a pista, así como, ó abono dos danos causados.

2. Tipificación das infraccións.



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### 2.1. Infraccións moi graves:

- O acceso ilegal ou non autorizado ás instalacións.
- A perturbación relevante que afecte de maneira grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ó normal desenvolvemento das actividades deportivas, sempre que a conduta non sexa subsumible nos tipos previstos no capítulo IV da Lei Orgánica 1/1992, de 21 de febreiro, de Protección da Seguridade Cidadana.
- O impedimento do uso das instalacións aos demais usuarios.
- O impedimento ou a grave e relevante obstrución ao normal desenvolvemento do servizo.
- O deterioro grave e relevante das instalacións.

### 2.2. Infraccións graves:

Son infraccións graves as que supoñan danos ás instalacións distintos dos enumerados no apartado anterior.

### 2.3. Infraccións leves:

Son infraccións leves calquera outro incumprimento das disposicións da presente ordenanza que non poida cualificarse como grave ou moi grave.

### ARTIGO 11.- SANCIONES.

- As infraccións moi graves serán sancionadas con multa de 1.501 ata 3.000 euros.
- As infraccións graves serán sancionadas con multa de 751 ata 1.500 euros.
- As infraccións leves serán sancionadas con multa de 75 ata 750 euros.
- Así mesmo poderase impoñer como sanción a prohibición de utilizar as instalacións por tempo de ata tres meses para infraccións leves, de ata seis meses para as graves e de ata un ano para infraccións moi graves.

### ARTIGO 12.- PROCEDIMIENTO SANCIONADOR

Para a sanción das infraccións tramitarase o correspondente expediente sancionador, con arranxo as disposicións contidas na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e o Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto.

### ARTIGO 13.- INDEMNIZACIÓN DE DANOS E PREXUIZOS

A imposición das sancións que procedan será independente e compatible coa esixencia polo Concello da responsabilidade que corresponda aos usuarios polos danos e prexuízos causados nas instalacións.

### DISPOSICIÓN FINAL.- ENTRADA EN VIGOR

A presente Ordenanza Fiscal, que foi aprobada polo Pleno deste Concello en sesión celebrada o día \_\_\_\_\_, entrará en vigor o mesmo día da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir de \_\_\_\_\_, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou a súa derogación expresa.”

Intervén don Xosé Manuel Pose Lema, concelleiro do BNG, e manifesta que non entende que non se recolla ningunha alegación.

O concelleiro do grupo Mixto, don Fernando del Moral Regaldíe, representante de UNIDAS PODEMOS manifesta o seu desacordo coa resolución das alegacións, e non entende o motivo polo cal os servizos sociais non poden determinar as situacións para as reducións das tarifas.

O alcalde, don Francisco Charlín Oróns (PP) manifesta que os servizos sociais non están para determinar quen xoga ao padel.

Don Fernando del Moral Regaldíe invita ao sr. alcalde a copiar do Presidente da Xunta en canto que subvenciona a maiores de 65 anos. E solicita a constancia na acta da súa intervención en canto que di que non recoller a redución nos casos alegados, ten un sesgo claramente clasista.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 5 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez e Dona Begoña Gegúndez Allo)

**VOTOS EN CONTRA:** 3 [2 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema e Dona Isabel María Toja Toja) e 1 do Grupo Mixto (Don Don Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS)]

**ABSTENCIÓNS:** 0

Polo tanto, queda aprobado o seguinte ACORDO:

### PROPOSTA

**PRIMEIRO:** DESESTIMAR as alegacións presentadas, en base ao disposto no informe de Secretaría-Intervención de data 25 de setembro de 2024.

**SEGUNDO:** APROBAR con carácter definitivo, a imposición da taxa e a redacción definitiva da Ordenanza fiscal núm. 39 reguladora da taxa pola prestación do servizo da pista municipal de padel, segundo consta no ANEXO que figura neste acordo.

**TERCEIRA:** PUBLICAR o devandito acordo definitivo e o texto íntegro da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo da pista municipal de padel, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello, con aplicación a partir da data sinalada pola devandita Ordenanza. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello: <https://sede.laxe.es/sxc/gl/>



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

**CUARTA:** NOTIFICAR este Acordo a todos aqueles que presentasen alegacións durante o período de información pública.

### ANEXO

#### ORDENANZA FISCAL Nº39 REGULADORA DA TAXA E USO DO SERVIZO DA PISTA MUNICIPAL DE PÁDEL

##### ÍNDICE DE ARTIGOS

ARTIGO 1.- FUNDAMENTO

ARTIGO 2.- OBXECTO

ARTIGO 3.- COMPETENCIA.

TÍTULO PRIMEIRO.- NORMAS DE FUNCIONAMENTO

ARTIGO 4.- USUARIOS

ARTIGO 5.- NORMAS DE FUNCIONAMENTO DA INSTALACIÓN

5.1.- CONDICIÓNS DE USO

5.2.- EQUIPAMENTO

5.3.- HORARIOS DE USO

5.4.- DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES

5.5.- CONSERVACIÓN DA PISTA

TÍTULO SEGUNDO.- TAXA

ARTIGO 6.- NATUREZA

ARTIGO 7.- OBRIGADOS Ó PAGO

ARTIGO 8.- COANTÍA

ARTIGO 9.- ABONO DA COTA TRIBUTARIA

TÍTULO TERCEIRO.- RÉXIME SANCIONADOR

ARTIGO 10.- INFRACCIÓNS

ARTIGO 11.- SANCIÓN.

ARTIGO 12.- PROCEDEMENTO SANCIONADOR

ARTIGO 13.- INDEMNIZACIÓN DE DANOS E PREXUÍZOS

DISPOSICIÓN FINAL.- ENTRADA EN VIGOR

#### ORDENANZA FISCAL Nº39 REGULADORA DA TAXA E USO DO SERVIZO DA PISTA MUNICIPAL DE PÁDEL

ARTIGO 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 y 142 da Constitución e polo art.106 da Lei 7/85 reguladora das bases de réxime local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 18 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello establece a taxa pola utilización da pista de pádel, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

ARTIGO 2.- OBXECTO

É obxecto da presente ordenanza:

- a) Establecer as normas xerais de uso da pista de pádel municipal.
- b) Establecer a taxa a satisfacer pola utilización de dita instalación.

ARTIGO 3.- COMPETENCIA.

Facúltase á Alcaldía para:

- a) Esixir responsabilidades e indemnizacións por danos e perxuizos ocasionados ás instalacións, así como impoñer sancións ós usuarios polo incumprimento do establecido nesta Ordenanza.
- b) Alterar, por necesidades do servizo público, de interés xeral ou de forza maior, a orde de preferencia na utilización do servizo e os horarios de apertura e de peche.

TÍTULO PRIMEIRO.- NORMAS DE FUNCIONAMENTO

ARTIGO 4.- USUARIOS

1. Poderán utilizar as pistas de pádel calquera persoa que o solicite e que aboara o correspondente aluguer da pista.

2. Queda prohibido o uso da pista:

–Aos menores de 12 anos, salvo que se encontren baixo a supervisión dun adulto.

–Aqueles persoas que fosen sancionadas conforme a esta Ordenanza e durante o tempo que dure a sanción.

ARTIGO 5.- NORMAS DE FUNCIONAMENTO DA INSTALACIÓN

5.1.- CONDICIÓNS DE USO

1. Para poder usar a pista é necesario reservar mediante unha solicitude e pagar a taxa correspondente.

2. As reservas poderán realizarse en periodos de unha hora e trinta minutos.

3. Non se devolverá o importe da reserva cando se tivera reservado con anterioridade. En caso de que as condicións da pista ou a climatoloxía non permitan a práctica deportiva, terase a opción de anular a reserva cambiándoa para outro día.

4. Os acompañantes non poderán acceder á pista.

5. Dentro da pista non está permitido comer, fumar nin introducir obxectos de vidro ou calquera outro que poida causar danos ao céspede ou ás mamparas. Tampouco está permitida a entrada de animais.

6. Algunha das persoas que en cada momento estén utilizando as pistas deberá coincidir exactamente con aquela que se encuentre apuntada na solicitude. De non ser así, veranse obrigados a abandonar a pista.



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

7. Os usuarios serán responsables dos desperfectos ocasionados, podendo impoñerse sancións conforme á normativa legal e o disposto nesta ordenanza.

8. Os usuarios deberán seguir as instrucións e requerimentos do persoal encargado da instalación.

9. O Concello de Laxe non se fará responsable en ningún caso de:

–Lesións que poideran derivarse da práctica deste deporte.

–Perda, roubo ou extravío de calquera tipo de obxecto que se deixe nas instalacións.

### 5.2.- EQUIPAMENTO

O equipamento para acceder á pista debe ser deportivo e adecuado á práctica deste deporte. Só se usarán palas e pelotas de pádel, quedando excluídos outros artefactos de impacto como raquetas de tenis, palas de praia, palas de frontón, pelotas de tenis, pelotas de frontón. A pista está adecuada á práctica de pádel, polo que calquera outro xogo queda prohibido.

### 5.3.- HORARIOS DE USO

Con carácter xeral, a solicitude de reserva da pista formularase con antelación suficiente á data de utilización e a súa reserva precisará de confirmación previa polo Concello, o cal comprobará se existe persoal encargado de atender a pista no horario solicitado, e se facilitarán datos de contacto.

Os horarios regulares de uso da pista serán:

Todos os días de 9:00 ata as 22:30 horas. Excepcionalmente, e fóra deste horario, poderase autorizar a súa utilización se existe dispoñibilidade de medios persoais no Concello para atender o servizo. A tal efecto, a solicitude de pista fóra do horario regular establecido formularase con antelación suficiente á data de utilización e a reserva, precisará de confirmación previa polo Concello, o cal comprobará se existe persoal encargado de atender a pista no horario solicitado, e se facilitarán datos de contacto do encargado de atender a instalación.

### 5.4.- DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES

O Concello de Laxe poderá organizar competicións deportivas, cursos de pádel, etc., quedando anulado o sistema de reservas ata a conclusión de ditas actividades, xa que a pista quedará reservada a este fin. Tamén poderá o Concello restrinxir as reservas en determinadas horas ou días para labores de mantemento ou por ausencia de persoal que poida atender o servizo.

### 5.5.- CONSERVACIÓN DA PISTA

1. Antes de entrar na pista os xogadores deberán eliminar restos de terra ou barro que poideran levar nas zapatillas. Igualmente, ao saír da pista procurarán non deixar abandonados utensilios, complementos, roupas, botes de pelotas, botellas, etc.

2. Se os usuarios observan algunha anomalía ou desperfecto na instalación, deberán poñelo en coñecemento do Concello.

## TÍTULO SEGUNDO.- TAXA

### ARTIGO 6.- OBRIGADOS Ó PAGO

Están obrigados ao pago da taxa as persoas físicas ou xurídicas (entidades, clubs, federacións etc) que soliciten a utilización da pista de pádel que depende deste Concello.

### ARTIGO 7.- COANTÍA

A coantía da cota tributaria será a que resulte de aplicación da seguinte tarifa:

–10 euros hora e media sen luz.

–12 euros hora e media con luz.

### ARTIGO 8.- ABONO DA COTA TRIBUTARIA

O ingreso da taxa farase da seguinte maneira:

8.1.- Mediante autoliquidación en calquera das entidades bancarias nas que o Concello ten conta aberta. Non se prestará o servizo solicitado sen a presentación do xustificante de ter ingresado a correspondente taxa.

8.2.- A través da plataforma de reservas habilitada para ese efecto.

A reserva e o abono da taxa por uso da instalación efectuarase a través da plataforma descrita no punto anterior, nos horarios de apertura da instalación e con carácter previo a acceder á mesma, abonando a cantidade correspondente.

## TÍTULO TERCEIRO.- RÉXIME SANCIONADOR

### ARTIGO 10.- INFRACCIÓN

1. Terá a consideración de infracción calquera incumprimento das normas establecidas na presente ordenanza, de conformidade co establecido no título XI da Lei 7/1985, de 2 de abril, rexedora das Bases do réxime local, tipificándose como moi graves, graves e leves.

Quenes fagan un mal uso da instalación ou provoquen danos intencionados poderán ser sancionados sen utilizar a pista, así como, ó abono dos danos causados.

2. Tipificación das infraccións.

2.1. Infraccións moi graves:

a) O acceso ilegal ou non autorizado ás instalacións.

b) A perturbación relevante que afecte de maneira grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ó normal desenvolvemento das actividades deportivas, sempre que a conduta non sexa subsumible nos tipos previstos no capítulo IV da Lei Orgánica 1/1992, de 21 de febreiro, de Protección da Seguridade Cidadana.

c) O impedimento do uso das instalacións aos demais usuarios.

d) O impedimento ou a grave e relevante obstrución ao normal desenvolvemento do servizo.

e) O deterioro grave e relevante das instalacións.

2.2. Infraccións graves:

Son infraccións graves as que supoñan danos ás instalacións distintos dos enumerados no apartado anterior.



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### 2.3. Infraccións leves:

Son infraccións leves calquera outro incumprimento das disposicións da presente ordenanza que non poida cualificarse como grave ou moi grave.

#### ARTIGO 11.- SANCIONES.

1. As infraccións moi graves serán sancionadas con multa de 1.501 ata 3.000 euros.
2. As infraccións graves serán sancionadas con multa de 751 ata 1.500 euros.
3. As infraccións leves serán sancionadas con multa de 75 ata 750 euros.
4. Así mesmo poderase impoñer como sanción a prohibición de utilizar as instalacións por tempo de ata tres meses para infraccións leves, de ata seis meses para as graves e de ata un ano para infraccións moi graves.

#### ARTIGO 12.- PROCEDIMIENTO SANCIONADOR

Para a sanción das infraccións tramitárase o correspondente expediente sancionador, con arranxo as disposicións contidas na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e o Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto.

#### ARTIGO 13.- INDEMNIZACIÓN DE DANOS E PREXUÍZOS

A imposición das sancións que procedan será independente e compatible coa esixencia polo Concello da responsabilidade que corresponda aos usuarios polos danos e prexuízos causados nas instalacións.

#### DISPOSICIÓN FINAL.- ENTRADA EN VIGOR

A presente Ordenanza Fiscal, que foi aprobada polo Pleno deste Concello en sesión celebrada o día \_\_\_\_\_, entrará en vigor o mesmo día da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir de \_\_\_\_\_, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou a súa derogación expresa.”

### **3. RESOLUCIÓN ÁS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MESAS E SILLAS CON FINALIDADE LUCRATIVA. Expte. núm. 2024/G013/000002.**

Dase conta da seguinte proposta:

“Expte. núm.: 2024/G013/000002

*PROPOSTA DE ALCALDÍA EN RELACIÓN Á IMPOSICIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 8, REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS, TABLADOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS, CON FINALIDADE LUCRATIVA.*

*Por Acordo do Pleno con data de 30 de maio de 2024 aprobouse provisionalmente a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso con mesas, cadeiras, tribunais, tabladros e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa.*

*Con data de 5 xuño de 2024, o Acordo provisional foi sometido a exposición pública polo prazo de trinta días, para a presentación de reclamación e suxerencias, mediante anuncio no BOP da Coruña núm. 108.*

*Durante o período de exposición pública presentouse con data de 4 xullo de 2024, escrito de D. Fernando del Moral Regaldíe, como Concelleiro electo do Concello de Laxe, formulando alegacións ao establecemento da Ordenanza Fiscal nº 8, que posteriormente con data de 15 de xullo de 2024 solicitou (a través do RX entrada núm. 1262 o seguinte: “que o 4 de xullo presente escrito de alegacións á ordenanza fiscal por ocupación de espazo público por mesas e cadeiras, e solicito non sexa tida en conta por erros no plantexamento”.*

*Na mesa data 15 de xullo de 2024 e con nº RE 1263 o concelleiro presenta alegación contra a aprobación da ordenanza cun contido e forma idéntica ao resto das alegacións presentadas por varios/as veciños/as do Concello de Laxe en datas 15 e 17 de xullo.*

*Con data de 12 de novembro de 2024, a través da Secretaría-Intervención do Concello de Laxe, informáronse as alegacións presentadas polos interesados. No dito informe consta que:*

*“O fondo do contido da reclamación, céntrase en 3 aspectos:*

*ALEGACIÓN 1: “Simplificar as taxas reducindo de tres tramos a dous, como na anterior ordenanza fiscal”.*

*A proposta de tres tramos responde a unha mellor adaptación ás necesidades e demandas estacionais do espazo público. Os meses de verán, particularmente xullo e agosto, son os de maior afluencia de xente no Concello debido ao turismo o que provoca un uso máis intensivo das terrazas, o que xustifica a aplicación dunha cota superior neste período. A incorporación dun tramo intermedio (xuño e setembro) reflicte que durante estes meses hai alta actividade, pero non ao nivel de xullo e agosto, permitindo unha cuota intermedia máis equitativa de transición entre os restantes tramos.*

*A estrutura en tres tramos permite que aqueles comercios que aproveiten os meses de maior demanda (verán) contribúan proporcionalmente ao uso máis intensivo e real do espazo público en cada período. Así mesmo, coa división en tres tramos, garátese unha maior previsibilidade e estabilidade nos ingresos municipais.*

*Visto o anterior, tense que desestimar a alegación.*

*ALEGACIÓN 2: “Distinguir terrazas fixas de móbiles, dado que as primeiras gozan dun estatus de vantaxe sobre as segundas, que sofren as inclemencias climáticas ou a circunstancial retirada das mesmas pola eventual instalación de outros equipamentos (por exemplo, palcos de música, feiras, etc.) e por estes motivos poidan acollerse a unha taxa inferior”.*

*Todas as terrazas, independentemente da súa estrutura, ocupan espazo público e xeran actividade económica. É o solicitante da licenza o que opta por un ou outro modelo de terraza sin que sexa o Concello o que impón o tipo, por o que é opcional a solicitude e discrecional o seu otorgamento.*

*E o solicitante o que valora as vantaxes e desvantaxes dunha terraza fixa ou móbil, do mesmo xeito que é o solicitante o que valora a inversión que quere realizar no seu establecemento.*

*En lugar de centrarse no tipo de terraza, a ordenanza establece unha taxa baseada na superficie ocupada na vía pública o cal asegura unha maior equidade e proporcionalidade.*

*Visto o anterior, tense que desestimar a alegación.*

*ALEGACIÓN 3: “Aclarar a situación respecto a ordenanza non fiscal que literalmente expresa no seu Artigo 26 sobre condicións xerais de ocupación, no seu punto primeiro que o solicitante de licenza de terraza poderá ocupar unicamente a súa fronte de fachada. Con carácter excepcional, a ocupación poderá aumentarse cando se prevea a ocupación en espazos libres, prazas ou espazos análogos, quedando sometido en todo caso ao criterio dos servizos técnicos municipais.*

*Cómpre ter claro se o Concello de Laxe vai facer cumprir a súa propia ordenanza, limitando o espazo actual das terrazas, ou ben aplicar unha taxa superior por exceso de ocupación de espazo público, como o noso grupo quere propoñer.”*

*Atendendo ao contido da alegación, enténdese que máis que unha alegación é unha pregunta (“aclarar” di a alegación). O artigo 20.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, TRLRFL, faculta a aqueles interesados nos procedementos de modificación de ordenanzas fiscais a presentar reclamacións.*

*O Diccionario da Real Academia Galega define reclamación como a “acción e efecto de reclamar”, isto é, según o citado Diccionario “presentar unha protesta formal por algo que considérase inxusto”. Pola súa banda, aclarar é “pór en claro (unha cousa) solución das dúbidas ou aspectos escuros que puideran presentar”.*

*Polo tanto, esta alegación debería de inadmitirse por defecto na forma.”*

*Considerando o disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo; na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; na Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos; e na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sustentabilidade Financeira; este expediente estase a tramitar conforme a lexislación aplicable procedendo á súa aprobación polo*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

Pleno de conformidade con artigo 22.2.d) da Lei 7/985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

É polo que esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción da seguinte:

### PROPOSTA

PRIMEIRO: DESESTIMAR as alegacións presentadas, en base ao disposto no informe de Secretaría-Intervención de data 12 de novembro de 2024.

SEGUNDO: APROBAR con carácter definitivo, a imposición da taxa e a redacción definitiva da Ordenanza fiscal núm. 8 reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso con con mesas, cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa, segundo consta no ANEXO que figura neste acordo.

TERCEIRA: PUBLICAR o devandito acordo definitivo e o texto íntegro da Ordenanza fiscal núm. 40 reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso con con mesas, cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello, con aplicación a partir da data sinalada pola devandita Ordenanza. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello: <https://sede.laxe.es/sxc/ql/>

CUARTA: NOTIFICAR este Acordo a todos aqueles que presentasen alegacións durante o período de información pública.

Laxe, documento asinado dixitalmente, na data sinalada á marxe.

O alcalde, Francisco Charlín Oróns

ANEXO

### ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO CON MESAS, CADEIRAS, VELADORES E ELEMENTOS ANÁLOGOS

#### ARTIGO 1.- Fundamento e Obxecto

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, e o artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade cos artigos 15 a 27 e 57 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a «taxa por ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas e tablados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa» que estará ao establecido na presente Ordenanza fiscal.

#### ARTIGO 2.- Feito imposable

Constitúe o feito imposable do presente taxa a ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa.

#### ARTIGO 3.- Suxeitos Pasivos

Son suxeitos pasivos da presente taxa, en calidade de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, seguintes:

— Os titulares de licenzas ou concesións municipais e aqueles en cuxo beneficio redunde o aproveitamento ou utilización privativa do dominio público local.

— Os que, sen licenza ou concesión, realicen algún dos aproveitamentos incluídos nesta Ordenanza.

— Os que, cesando no aproveitamento, non presenten á Entidade local a baixa correspondente.

#### ARTIGO 4.- Responsables

Responderán da débeda tributaria os debedores principais xunto a outras persoas ou entidades. A estes efectos consideraranse debedores principais os obrigados tributarios do artigo 35.2 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Salvo precepto legal expreso en contrario, a responsabilidade será sempre subsidiaria.

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

En relación á responsabilidade solidaria e subsidiaria da débeda tributaria estarase ao establecido, respectivamente, nos artigos 42 e 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

#### ARTIGO 5.- Cota tributaria

1.- A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa sinalada de acordo coa contía contida no apartado seguinte, atendendo á temporalidade en que esta instállese (duración da ocupación e festividades ou momento do ano) e ao espazo ocupado (superficie en metros cadrados da instalación).

2.- As contías, para os supostos contemplados no artigo 20.3.1) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, quedan establecidas da maneira seguinte:

a.) Por cada metro cadrado de superficie ocupada con mesas, cadeiras e outros elementos:

a.1.- Meses de xaneiro a maio e de outubro a decembro: 0,10€/metro cadrado por día.

a.2.- Meses de xuño e setembro: 0,15€/metro cadrado por día.

a.3.- Meses de xullo e agosto: 0,40€/metro cadrado por día.

3.- Os efectos previstos para a aplicación do apartado anterior terase en conta o seguinte:

a) en consonancia co disposto no artigo 12, parágrafos 1 e 2 da ordenanza reguladora das licenzas de instalacións de terrazas,

a.1) o prazo de duración das licenzas das terrazas e elementos vinculados non poderá ser superior a catro anos nin inferior a un mes.

a.2) o prazo máximo solicitado polo interesado comprenderá algún dos seguintes períodos:

• Por anos naturais completos, isto é, do 1 de xaneiro ao 31 de decembro.

• Por tempada, entendendo por tal o período comprendido entre o 1 de xuño ao 30 de setembro do mesmo ano.

• Por un ou varios meses naturais completos e consecutivos, é dicir, do día 1 dun mes ata o último do mesmo mes ou doutro posterior.

Por razóns de interese público, debidamente motivados, poderá outorgarse a licenza por un período inferior ao solicitado, pero sempre dentro do establecido no apartado anterior.

b) se o número de metros cadrados do aproveitamento non fose enteiro, redondearase por exceso para obter a superficie ocupada.

c) se como consecuencia da colocación de toldos, marquesinas, separadores, barbacoas e outros elementos auxiliares se delimita unha superficie maior á ocupada por mesas e cadeiras, tomarase aquela como base de cálculo.

#### ARTIGO 6.- Exencións e Bonificacións

Non se concederá exención nin bonificación ningunha na exacción da presente Taxa, agás a prevista en normas con rango de lei ou as derivadas de aplicación dos tratados internacionais, resultando de aplicación, en todo caso, canto se dispón co artigo 9 da Lei Reguladora de Facendas Locais.

#### ARTIGO 7.- Deveño

A taxa devindicarase cando se inicie a utilización privativa ou o aproveitamento especial, áchese ou non autorizada, todo iso sen prexuízo da posibilidade de esixir





## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

o depósito previo do seu importe total ou parcial, de conformidade co artigo 26.1 e 2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Procederá a devolución das taxas que se esixiron, cando non se realice o seu feito impositivo por causas non imputables ao suxeito pasivo, a tenor do artigo 12 da Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos.

A tenor do artigo 24.5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial leve aparelhada a destrución ou deterioración do dominio público local, o beneficiario, sen prexuízo do pago da taxa a que houber lugar, estará obrigado ao reintegro do custo total do respectivo gasto de reconstrución ou reparación e ao depósito previo do seu importe.

Se os danos fosen irreparables, a Entidade será indemnizada en contía igual ao valor dos bens destruídos ou ao importe da deterioración dos danados.

As Entidades Locais non poderán condonar total nin parcialmente as indemnizacións e reintegros a que se refire este apartado.

### ARTIGO 8.- Normas de xestión

A xestión, liquidación, inspección e recadación desta taxa realizarase segundo o disposto na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e nas demais Leis reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

Os suxeitos pasivos da taxa estarán obrigados a presentar autoliquidación tributaria determinándose a cota tributaria atendendo á temporalidade da ocupación e á superficie en metros cadrados da instalación e a realizar o ingreso do seu importe no Tesouro facendo efectivo o pago da taxa a través das contas bancarias de que é titular este Concello. O pago da autoliquidación presentada será a conta da liquidación provisional e, no seu caso, da liquidación definitiva que se practique unha vez autorizada a ocupación do dominio público.

As cantidades esixibles con arranxo ás contías liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreductibles polo período autorizado.

As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta Ordenanza deberán solicitar a correspondente licenza e realizar o correspondente ingreso e formular declaración na que conste a superficie do aproveitamento e os elementos que se van instalar, así como un plano detallado da superficie que se pretende ocupar e da súa situación dentro do Municipio.

Os servizos técnicos deste Concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións de non encontrar diferencias cas peticións de licencias. Se houbera diferencias, notificaranse as mesmas aos interesados e xiraranse, no seu caso, as liquidacións complementarias que procedan, concedéndose as autorizacións unha vez subsanadas as diferencias polos interesados e, no seu caso, realizados os ingresos complementarios que procedan.-

Os aproveitamentos autorizaranse sempre discrecionalmente e sen prexuízo de terceiros.

En caso de denegarse as autorizacións ou cando por causas non imputables ó suxeito pasivo o dereito á utilización ou o aproveitamento do dominio público non se realice, procederá a devolución do importe correspondente.

Non se consentirá a ocupación da vía pública ata que non se teña aboado o ingreso correspondente e se obteña a correspondente licenza polos interesados. O incumprimento deste mandato poderá dar lugar á non concesión da licenza sen prexuízo do pago da Taxa e das sancións e recargos que procedan.

As autorizacións entenderanse concedidas con carácter provisional e a precario. En base a esta declaración, que deberá facerse constar nos correspondentes acordos de concesión das devanditas autorizacións, se o interés xeral esixise a supresión do aproveitamento, por Decreto de Alcaldía revogarase a licenza concedida, requirindo ao titular para que suprima, a súa custa, o aproveitamento.

As autorizacións terán carácter persoal e non poderán ser cedidas ou subalugadas a terceiros. O incumprimento deste mandado dará lugar á anulación da licenza.

As licencias poderán ser revogadas polo órgano que as concedeu nos seguintes casos:

a.) Polo non uso ou uso indebido.

b.) Por cambiar as circunstancias en base ás que se lle concedeu a licenza.

c.) se o interés xeral esixise a supresión do aproveitamento.

d) En xeral, por incumprimento de calquera das obrigas impostas nesta Ordenanza ou na licenza de autorización.

Cando os suxeitos pasivos non tiveran aboado a correspondente autoliquidación pola taxa, a Administración municipal poderá practicar e notificar unha liquidación provisional pola cantidade que proceda e incoará o correspondente procedemento sancionador. Unha vez aprobada a liquidación polo órgano competente notificarase ao interesado indicando os medios de impugnación que poidan interpoñerse contra a devandita liquidación, os órganos ante os que terán que ser interpostos, o período voluntario de cobro e cando quedará incursa en apremio a cota non satisfeita.

O período voluntario de ingreso da liquidación será:

-Para as notificacións efectuadas na primeira quincena do mes, ata o día 5 do mes natural seguinte.

-Para as notificacións efectuadas na segunda quincena do mes, ata o día 20 do mes natural seguinte.

Transcorrido o período voluntario de cobro sen terse efectuado o ingreso, o período executivo iníciase o día seguinte ao do remate de aquel.

O inicio do período executivo determina o devengo dun recargo do 20 por 100 do importe da débeda non ingresada, así como o dos xuros de demora correspondente a ésta.

Este recargo será do 10 por 100 cando a débeda tributaria non ingresada se satisfaga antes de que sexa notificada ao debedor a providencia de constrinximento, e non se esixiran os xuros de demora devengados dende o inicio do período executivo.

Dita liquidación efectuarase por ingreso directo na Tesourería Municipal ou onde estableza o Concello.

### ARTIGO 9.- Infraccións e Sancións

En todo o referente a infraccións e sancións, será de aplicación a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, en concreto os artigos 181 e seguintes, así como as súas disposicións de desenvolvemento, segundo o disposto no artigo 11 o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

### ARTIGO 10.- Lexislación Aplicable

En todo o non previsto na presente Ordenanza estarase ao disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos.

### DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal, que foi aprobada polo Pleno deste Concello en sesión celebrada o día \_\_\_\_\_, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de \_\_\_\_\_ e será de aplicación a partir de \_\_\_\_\_, permanecendo na devandita situación até en tanto non se acorde a súa modificación ou a súa derogación expresa.”

O concelleiro do grupo Mixto, don Fernando del Moral Regaldíe, representante de UNIDAS PODEMOS indica que deberían retirarse as terrazas



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

que non cumbran coa ordenanza no fiscal.

O alcalde, don Francisco Charlín Oróns (PP) explica os trámites e di que e necesario valorar caso por caso.

Tras breves intervencións sométese o asunto a votación.

**VOTOS A FAVOR:** 5 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez e Dona Begoña Gegúndez Allo).

**VOTOS EN CONTRA:** 3 [2 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema e Dona Isabel María Toja Toja) e 1 do Grupo Mixto (Don Don Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS)].

**ABSTENCIÓNS:** 0

Polo tanto, queda aprobado o seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO:** DESESTIMAR as alegacións presentadas, en base ao disposto no informe de Secretaría-Intervención de data 12 de novembro de 2024.

**SEGUNDO:** APROBAR con carácter definitivo, a imposición da taxa e a redacción definitiva da Ordenanza fiscal núm. 8 reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso con con mesas, cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa, segundo consta no ANEXO que figura neste acordo.

**TERCEIRA:** PUBLICAR o devandito acordo definitivo e o texto íntegro da Ordenanza fiscal núm. 40 reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso con con mesas, cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello, con aplicación a partir da data sinalada pola devandita Ordenanza. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello: <https://sede.laxe.es/sxc/gl/>

**CUARTA:** NOTIFICAR este Acordo a todos aqueles que presentasen alegacións durante o período de información pública.

### ANEXO

#### ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO CON MESAS, CADEIRAS, VELADORES E ELEMENTOS ANÁLOGOS

##### ARTIGO 1.- Fundamento e Obxecto

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, e o artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade cos artigos 15 a 27 e 57 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a «taxa por ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas e tablados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa» que estará ao establecido no presente Ordenanza fiscal.

##### ARTIGO 2.- Feito impositivo

Constitúe o feito impositivo do presente taxa a ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa.

##### ARTIGO 3.- Suxeitos Pasivos

Son suxeitos pasivos da presente taxa, en calidade de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, seguintes:

- Os titulares de licenzas ou concesións municipais e aqueles en cuxo beneficio redunde o aproveitamento ou utilización privativa do dominio público local.
- Os que, sen licenza ou concesión, realicen algún dos aproveitamentos incluídos nesta Ordenanza.
- Os que, cesando no aproveitamento, non presenten á Entidade local a baixa correspondente.

##### ARTIGO 4.- Responsables

Responderán da débeda tributaria os debedores principais xunto a outras persoas ou entidades. A estes efectos consideraranse debedores principais os obrigados tributarios do artigo 35.2 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Salvo precepto legal expreso en contrario, a responsabilidade será sempre subsidiaria.

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

En relación á responsabilidade solidaria e subsidiaria da débeda tributaria estarase ao establecido, respectivamente, nos artigos 42 e 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

##### ARTIGO 5.- Cota tributaria

1.- A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa sinalada de acordo coa contía contida no apartado seguinte, atendendo á temporalidade en que esta instállese (duración da ocupación e festividade ou momento do ano) e ao espazo ocupado (superficie en metros cadrados da instalación).

2.- As contías, para os supostos contemplados no artigo 20.3.l) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, quedan establecidas da maneira seguinte:

- a.) Por cada metro cadrado de superficie ocupada con mesas, cadeiras e outros elementos:
  - a.1.- Meses de xaneiro a maio e de outubro a decembro: 0,10€/metro cadrado por día.
  - a.2.- Meses de xuño e setembro: 0,15€/metro cadrado por día.
  - a.3.- Meses de xullo e agosto: 0,40€/metro cadrado por día.

3.- Os efectos previstos para a aplicación do apartado anterior terase en conta o seguinte:

- a) en consonancia co disposto no artigo 12, parágrafos 1 e 2 da ordenanza reguladora das licenzas de instalacións de terrazas,
  - a.1) o prazo de duración das licenzas das terrazas e elementos vinculados non poderá ser superior a catro anos nin inferior a un mes.
  - a.2) o prazo máximo solicitado polo interesado comprenderá algún dos seguintes períodos:

- Por anos naturais completos, isto é, do 1 de xaneiro ao 31 de decembro.



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

- Por tempada, entendendo por tal o período comprendido entre o 1 de xuño ao 30 de setembro do mesmo ano.
  - Por un ou varios meses naturais completos e consecutivos, é dicir, do día 1 dun mes ata o último do mesmo mes ou doutro posterior.
- Por razóns de interese público, debidamente motivados, poderá outorgarse a licenza por un período inferior ao solicitado, pero sempre dentro do establecido no apartado anterior.
- b) se o número de metros cadrados do aproveitamento non fose enteiro, redondearase por exceso para obter a superficie ocupada.
  - c) se como consecuencia da colocación de toldos, marquesinas, separadores, barbacoas e outros elementos auxiliares se delimita unha superficie maior á ocupada por mesas e cadeiras, tomarase aquela como base de cálculo.

### ARTIGO 6.- Exencións e Bonificacións

Non se concederá exención nin bonificación ningunha na exacción da presente Taxa, agás a prevista en normas con rango de lei ou as derivadas de aplicación dos tratados internacionais, resultando de aplicación, en todo caso, canto se dispón co artigo 9 da Lei Reguladora de Facendas Locais.

### ARTIGO 7.- Deveño

A taxa devindicarase cando se inicie a utilización privativa ou o aproveitamento especial, áchese ou non autorizada, todo iso sen prexuízo da posibilidade de esixir o depósito previo do seu importe total ou parcial, de conformidade co artigo 26.1 e 2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Procederá a devolución das taxas que se esixiron, cando non se realice o seu feito impositivo por causas non imputables ao suxeito pasivo, a tenor do artigo 12 da Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos.

A tenor do artigo 24.5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial leve aparelhada a destrución ou deterioración do dominio público local, o beneficiario, sen prexuízo do pago da taxa a que houber lugar, estará obrigado ao reintegro do custo total do respectivo gasto de reconstrución ou reparación e ao depósito previo do seu importe.

Se os danos fosen irreparables, a Entidade será indemnizada en contía igual ao valor dos bens destruídos ou ao importe da deterioración dos danados.

As Entidades Locais non poderán condonar total nin parcialmente as indemnizacións e reintegros a que se refire este apartado.

### ARTIGO 8.- Normas de xestión

A xestión, liquidación, inspección e recadación desta taxa realizarase segundo o disposto na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e nas demais Leis reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

Os suxeitos pasivos da taxa estarán obrigados a presentar autoliquidación tributaria determinándose a cota tributaria atendendo á temporalidade da ocupación e á superficie en metros cadrados da instalación e a realizar o ingreso do seu importe no Tesouro facendo efectivo o pago da taxa a través das contas bancarias de que é titular este Concello. O pago da autoliquidación presentada será a conta da liquidación provisional e, no seu caso, da liquidación definitiva que se practique unha vez autorizada a ocupación do dominio público.

As cantidades esixibles con arranxo ás contías liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreductibles polo período autorizado.

As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta Ordenanza deberán solicitar a correspondente licenza e realizar o correspondente ingreso e formular declaración na que conste a superficie do aproveitamento e os elementos que se van instalar, así como un plano detallado da superficie que se pretende ocupar e da súa situación dentro do Municipio.

Os servizos técnicos deste Concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións de non encontrar diferencias cas peticións de licencias. Se houbera diferencias, notificaranse as mesmas aos interesados e xiraranse, no seu caso, as liquidacións complementarias que procedan, concedéndose as autorizacións unha vez subsanadas as diferencias polos interesados e, no seu caso, realizados os ingresos complementarios que procedan.-

Os aproveitamentos autorizaranse sempre discrecionalmente e sen prexuízo de terceiros.

En caso de denegarse as autorizacións ou cando por causas non imputables ó suxeito pasivo o dereito á utilización ou o aproveitamento do dominio público non se realice, procederá a devolución do importe correspondente.

Non se consentirá a ocupación da vía pública ata que non se teña aboado o ingreso correspondente e se obteña a correspondente licenza polos interesados. O incumprimento deste mandato poderá dar lugar á non concesión da licenza sen prexuízo do pago da Taxa e das sancións e recargos que procedan.

As autorizacións entenderanse concedidas con carácter provisional e a precario. En base a esta declaración, que deberá facerse constar nos correspondentes acordos de concesión das devanditas autorizacións, se o interese xeral esixise a supresión do aproveitamento, por Decreto de Alcaldía revogarase a licenza concedida, requirindo ao titular para que suprima, a súa custa, o aproveitamento.

As autorizacións terán carácter persoal e non poderán ser cedidas ou subalugadas a terceiros. O incumprimento deste mandado dará lugar á anulación da licenza.

As licencias poderán ser revogadas polo órgano que as concedeu nos seguintes casos:

- a.) Polo non uso ou uso indebido.
- b.) Por cambiar as circunstancias en base ás que se lle concedeu a licenza.
- c.) se o interese xeral esixise a supresión do aproveitamento.
- d) En xeral, por incumprimento de calquera das obrigas impostas nesta Ordenanza ou na licenza de autorización.

Cando os suxeitos pasivos non tiveran aboado a correspondente autoliquidación pola taxa, a Administración municipal poderá practicar e notificar unha liquidación provisional pola cantidade que proceda e incoará o correspondente procedemento sancionador. Unha vez aprobada a liquidación polo órgano competente notificarase ao interesado indicando os medios de impugnación que poidan interpoñerse contra a devandita liquidación, os órganos ante os que terán que ser interpostos, o período voluntario de cobro e cando quedará incursa en apremio a cota non satisfeita.

O período voluntario de ingreso da liquidación será:

-Para as notificacións efectuadas na primeira quincena do mes, ata o día 5 do mes natural seguinte.

-Para as notificacións efectuadas na segunda quincena do mes, ata o día 20 do mes natural seguinte.

Transcorrido o período voluntario de cobro sen terse efectuado o ingreso, o período executivo iniciase o día seguinte ao do remate de aquel.

O inicio do período executivo determina o devengo dun recargo do 20 por 100 do importe da débeda non ingresada, así como o dos xuros de demora correspondente a ésta.

Este recargo será do 10 por 100 cando a débeda tributaria non ingresada se satisfaga antes de que sexa notificada ao debedor a providencia de constrinximento, e non se esixirán os xuros de demora devengados dende o inicio do período executivo.

Dita liquidación efectuarase por ingreso directo na Tesourería Municipal ou onde estableza o Concello.

### ARTIGO 9.- Infraccións e Sancións



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

En todo o referente a infraccións e sancións, será de aplicación a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, en concreto os artigos 181 e seguintes, así como as súas disposicións de desenvolvemento, segundo o disposto no artigo 11 o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

### ARTIGO 10.- Lexislación Aplicable

En todo o non previsto na presente Ordenanza estarase ao disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos.

### DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal, que foi aprobada polo Pleno deste Concello en sesión celebrada o día \_\_\_\_\_, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia de \_\_\_\_\_* e será de aplicación a partir de \_\_\_\_\_, permanecendo na devandita situación até en tanto non se acorde a súa modificación ou a súa derogación expresa.

## 4. APROBACIÓN DA CONVALIDACIÓN DA OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA DO EXPTE. OFI 20/2024, RECOÑECIMENTO E PAGO DE FACTURAS. Expte. núm. 2024/X998/000284.

Dase conta da seguinte proposta:

“PROPOSTA SOBRE A CONVALIDACIÓN DA OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA DO EXPEDIENTE OFI 20/2024

EXP. Nº: 2024/X998/000284

### ANTECEDENTES:

Propostas de alcaldía de datas 05/11/2024 e 19/11/2024.

Solicitudes de intervención ao xestor sobre os motivos da omisión da función interventora de datas 12/11/2024 e 19/11/2024.

Informe xustificativo sobre as prestacións realizadas, asinado por esta Alcaldía o día 19/11/2024.

Informe de omisión de fiscalización, asinado pola Secretaría-intervención o 21/11/2024, conforme ao art. 28 do RD 424/2017 de 28 de abril.

### NORMATIVA APLICABLE:

- Artigos 47, 48, 52, 106 e 110 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

- Artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo cal se regula o Réxime Xurídico de Control Interno nas entidades do Sector Público Local

### CONSIDERACIÓNS:

1.- Dispón o artigo 28.2 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril que si o órgano interventor ao coñecer dun expediente obsérvase omisión da función interventora manifestarao á autoridade que iniciase aquel e emitirá ao mesmo tempo a súa opinión respecto da proposta, co fin de que, unindo este informe ás actuacións, poida o Presidente da Entidade Local decidir si continua o procedemento ou non e demais actuacións que no seu caso, procedan.

Nos casos nos que a omisión da fiscalización previa refírase ás obrigacións ou gastos cuxa competencia sexa de Pleno, o Presidente da Entidade Local deberá someter a decisión do Pleno si continúa o procedemento e as demais actuacións que, no seu caso, procedan.

A lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público, dispón na súa Disposición Adicional 2ª. *Competencias en materia de contratación nas Entidades Locais.*

1. *Corresponden aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades Locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido a os recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.*

2. *Corresponden ao Pleno as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos mencionados no apartado anterior que celebre a Entidade Local, cando polo seu valor ou duración non correspondan ao Alcalde ou Presidente da Entidade Local, conforme o apartado anterior. Así mesmo, corresponde ao Pleno a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas xerais aos que se refire o artigo 121 desta Lei.*

De conformidade co Informe de intervención de data 21/11/2024 o órgano competente sería o Pleno da Corporación por superar os importes indicados na D.A. 2ª parágrafo 1º da Lei contratos do sector Público.

Si tomamos en consideración a facturación do Servizo durante o exercizo de 2023, resulta que o importe do mesmo ascendería a 302.884,46 €. Os recursos ordinarios do orzamento do exercicio de 2024, ascenden a 2.878.073,51€, polo que o 10% serían 287.807,35€, excedendo por tanto a contía sinalada na Disposición adicional

2ª da Lei de contratos do sector público en canto ao límite para a competencia como órgano de contratación da Alcaldía,

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

correspondendo por tanto ao Pleno da Corporación.

2.- Tendo en conta as circunstancias relativas a este gasto e a documentación que consta no expediente, é obrigado atender ao mesmo para evitar prexuízo aos provedores e o correlativo enriquecemento inxusto da Administración, xa que o servizo foi efectivamente prestado, servizo que se considera esencial para o adecuado funcionamento do conxunto dos servizos públicos.

3.- Consta a efectiva realización dos traballos e a conformidade co prezo de mercado, segundo informe de Alcaldía de data 19/11/2024.

Dacordo cos antecedentes e fundamentos de dereito indicados, en virtude dos artigos 52 e 110 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e facendo uso das competencias atribuídas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora do réxime local, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Convalidar a omisión da función interventora e continuar co procedemento e co resto de actuacións, recoñecer extraxudicialmente as obrigas correspondentes á seguinte relación de facturas que a continuación se detalla, e proceder ao seu pagamento.

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Situación	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Aplic.	Fecha Conformidad
F/2024/1390	03/10/2024	01 168	03/10/2024	3917,38	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIOn SERVICIO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. AGOSTO 2024	2024 231 22799 2024/3/SSSAD	15/10/2024
F/2024/1391	03/10/2024	01 167	03/10/2024	27119,46	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIOn SERVICIO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. AGOSTO 2024	2024 231 22799 2024/3/SSSAD	15/10/2024
F/2024/1531	30/10/2024	01 187	30/10/2024	28809,14	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIOn SERVICIO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. SETEMBRO 2024	2024 231 22799 2024/3/SSSAD	04/11/2024
F/2024/1532	30/10/2024	01 188	30/10/2024	4263,88	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIOn SERVICIO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. SETEMBRO 2024	2024 231 22799 2024/3/SSSAD	04/11/2024
F/2024/1566	14/11/2024	01 202	14/11/2024	4417,88	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIOn SERVICIO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. OUTUBRO 2024	2024 231 22799 2024/3/SSSAD	19/11/2024
F/2024/1567	14/11/2024	01 201	14/11/2024	33776,84	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIOn SERVICIO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. OUTUBRO 2024	2024 231 22799 2024/3/SSSAD	19/11/2024

**SEGUNDO.-** Dar conta do presente acordo ao departamento contable e tesourería para a súa tramitación e efectos oportunos.

Mándao e asínao, en Laxe, na data da sinatura electrónica ao marxe.

O Alcalde, Francisco Charlín Oróns."

Intervén don Xosé Manuel Pose Lema, concelleiro do BNG, advertindo a existencia dun reparo e facendo referencia a denuncia do PP en Muxía e afirma a necesidade de licitalo contrato.

O alcalde, don Francisco Charlín Oróns (PP) di que a FEGAMP vai enviar uns pregos e que senon encargará a redacción a una empresa.

O concelleiro do grupo Mixto, don Fernando del Moral Regaldie, representante de UNIDAS PODEMOS di que é máis do mesmo.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 5 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez e Dona Begoña Gegúndez Allo)

**VOTOS EN CONTRA:** 3 [2 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema e Dona Isabel María Toja Toja) e 1 do Grupo Mixto (Don Don Fernando del Moral Regaldie representante de UNIDAS PODEMOS)]

**ABSTENCIÓNS:** 0

Polo tanto, queda aprobado o seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Convalidar a omisión da función interventora e continuar co procedemento e co resto de actuacións, recoñecer extraxudicialmente as obrigas correspondentes á seguinte relación de facturas que a continuación se detalla, e proceder ao seu pagamento.

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Situación	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Aplic.	Fecha Conformidad
---------------	-------	-----------------	------------	---------------	-----------	---------	--------	-------------------	--------	-------------------

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

F/2024/1390	03/10/2024	01 168	03/10/2024	3917,38	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIóN SERVICIO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. AGOSTO 2024	2024 231 22799 2024/3/SSSAD	15/10/2024
F/2024/1391	03/10/2024	01 167	03/10/2024	27119,46	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIóN SERVICIO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. AGOSTO 2024	2024 231 22799 2024/3/SSSAD	15/10/2024
F/2024/1531	30/10/2024	01 187	30/10/2024	28809,14	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIóN SERVICIO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. SETEMBRO 2024	2024 231 22799 2024/3/SSSAD	04/11/2024
F/2024/1532	30/10/2024	01 188	30/10/2024	4263,88	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIóN SERVICIO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. SETEMBRO 2024	2024 231 22799 2024/3/SSSAD	04/11/2024
F/2024/1566	14/11/2024	01 202	14/11/2024	4417,88	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIóN SERVICIO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. OUTUBRO 2024	2024 231 22799 2024/3/SSSAD	19/11/2024
F/2024/1567	14/11/2024	01 201	14/11/2024	33776,84	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIóN SERVICIO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. OUTUBRO 2024	2024 231 22799 2024/3/SSSAD	19/11/2024

**SEGUNDO.-** Dar conta do presente acordo ao departamento contable e tesourería para a súa tramitación e efectos oportunos.**5. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 11/2024, REPARO 21/2024. Expte. núm. 2024/X998/000254.**

Dase conta da seguinte proposta:

*“PROPOSTA DE ALCALDÍA PLENO**APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 11/2024**Vista a factura con RE de data 28/07/2023 por importe de 120,88 euros, que se corresponde co gasto por subministro dun soporte para a televisión do Museo do Mar, que precisa do previo recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno para poder ser aprobado, tal e como dispón o artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.**Considerando o informe de reparo de intervención de data 12 de novembro de 2024, e advertido do principio de anualidade do orzamento e de especialidade dos créditos a gastar por unha entidade pública, e tendo en conta a atenuación pola Xurisprudencia da aplicación deles en virtude do principio de enriquecemento inxusto que obriga a Administración a pagar aqueles traballos efectuados.**Considerando que se trata dun gasto necesario para a realización da actividade municipal, que se axusta ao prezo de mercado e que foi prestado a satisfacción desta administración municipal, debendo ser aboado pois no caso contrario produciríase un enriquecemento inxusto da administración a costa dun empobrecemento do provedor,**Considerando os art. 26.2 e 60.2 do RD 500/1990, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:**PRIMEIRO.- Solventar a discrepancia formulada no informe de reparo de intervención nº 21/2024 de data de 12 de novembro de 2024.**SEGUNDO.- Aprobar o Expediente de recoñecemento extraxudicial de obrigas nº 11/2024 cun importe de 120,88 euros, con cargo ao Orzamento Xeral Municipal para o 2024, e proceder á autorización, disposición e recoñecemento, e liquidación da obriga con cargo a partida orzamentaria correspondente:*

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Situación	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Aplic.
F/2023/1134	28/07/2023	V1 V1/23-001776	26/07/2023	120,88	E	B15855703	MOUSE DISTRIBUCION SANTIAGO S.L.	SOPORTE TELEVISION CON RUEDAS 23-60" BLANCO PARA EL MUSEO DEL MAR	2024 334 62500

*Laxe, na data da sinatura dixital que figura na marxe,**O Alcalde Francisco Charlín Oróns”*

Tras breves intervención, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 5 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez e Dona Begoña Gegúndez Allo)**VOTOS EN CONTRA:** 3 [2 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema e Dona Isabel María Toja Toja) e 1 do Grupo Mixto (Don Don Fernando del

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS]]

**ABSTENCIÓNS: 0**

Polo tanto, queda aprobado o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Solventar a discrepancia formulada no informe de reparo de intervención nº 21/2024 de data de 12 de novembro de 2024.

SEGUNDO.- Aprobar o Expediente de recoñecemento extraxudicial de obrigas nº 11/2024 cun importe de 120,88 euros, con cargo ao Orzamento Xeral Municipal para o 2024, e proceder á autorización, disposición e recoñecemento, e liquidación da obriga con cargo a partida orzamentaria correspondente:

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Situación	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Aplic.
F/2023/1134	28/07/2023	V1 V1/23-001776	26/07/2023	120,88	E	B15855703	MOUSE DISTRIBUCION SANTIAGO S.L.	SOPORTE TELEVISION CON RUEDAS 23-60" BLANCO PARA EL MUSEO DEL MAR	2024 334 62500

**6. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 731/2024, DO 11/10/2024, EN CANTO Á APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP PARA A IMPLANTACIÓN DO SISTEMA DE XESTIÓN DOCUMENTAL ARQA NOS ARQUIVOS PÚBLICOS MUNICIPAIS. Expte. núm. 2024/A006/000006.**

Ratificar a Resolución da Alcaldía núm. 731/2024, do 11/04/2024, en canto á aprobación do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia de a FEGAMP, para a implantación do sistema de xestión documental ARQA nos arquivos públicos municipais.

Non habendo intervencións, sométese o asunto a votación, quedando ratificada a dita resolución por unanimidade dos presentes.

**7. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 807/2024, DO 07/11/2024, EN CANTO Á APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA A IMPLANTACIÓN DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA. Expte. Núm. 2024/A006/000007.**

Ratificar a Resolución da Alcaldía núm. 807/2024, do 07/11/2024, en canto á aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os Concellos da provincia da Coruña para a implantación da Administración Electrónica.

Non habendo intervencións, sométese o asunto a votación, quedando ratificada a dita resolución por unanimidade dos presentes.

**8. RECTIFICACIÓN DO ACORDO DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 18/07/2024 EN CANTO Á APROBACIÓN DA RETRIBUCIÓN DA EMPRESA CONCESIONARIA DO SERVIZO DE AUGA, VIAQUA, SAU PARA 2024. Expte. núm. 2023/X998/000220.**

Dase conta da seguinte proposta:

*"Rectificación do acordo do Pleno da Corporación do 18/07/2024 en canto á aprobación da retribución da empresa concesionaria do servizo de auga, VIAQUA, SAU para 2024. Expte. núm. 2023/X998/000220.*

*En base o artigo 109 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas e tendo en conta o erro material que figura no apartado primeiro do acordo da sesión ordinaria do 18 de xullo de 2024, en canto á aprobación da retribución da empresa concesionaria do servizo de auga, VIAQUA, SAU para 2024, sométese á consideración deste Pleno a rectificación do dito apartado, xa que onde di:*

*"Primeiro.- Aprobar unha retribución a concesionaria para o exercicio 2024, para recuperar o equilibrio económico do servizo de abastecemento e á rede xeral de saneamento, e pola prestación do servizo de saneamento e depuración de augas residuais do Concello de Laxe, de 0,834849 €/m<sup>3</sup>, mantendo a concesionaria (VIAQUA) a asunción duns custos da enerxía eléctrica da ETAP."*

*Debe rectificarse do seguinte xeito:*

*Primeiro.- Aprobar unha retribución a concesionaria para o exercicio 2024, para recuperar o equilibrio económico do servizo de abastecemento e á rede xeral de saneamento do Concello de Laxe, de 0,834849 €/m<sup>3</sup>, mantendo a concesionaria (VIAQUA) a asunción duns custos da enerxía eléctrica da ETAP."*

Intervén o alcalde, Don Francisco Charlín Oróns (PP) manifestando o erro existente na rectificación da proposta, xa que onde di: *servizo de abastecemento e á rede xeral de saneamento do Concello de Laxe*, debe dicir: *servizo de abastecemento do Concello de Laxe*.



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

Non habendo mais intervencións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado.

**VOTOS A FAVOR:** 8 [(5 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez e Dona Begoña Gegúndez Allo) 2 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema e Dona Isabel María Toja Toja) 1 do Grupo Mixto (Don Don Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS)]

**VOTOS EN CONTRA:** 0

**ABSTENCIÓNS:** 0

Polo tanto, queda aprobada a rectificación do seguinte xeito:

Primeiro.- Aprobar unha retribución a concesionaria para o exercicio 2024, para recuperar o equilibrio económico do servizo de abastecemento do Concello de Laxe, de 0,834849 €/m<sup>3</sup>, mantendo a concesionaria (VIAQUA) a asunción duns custos da enerxía eléctrica da ETAP.

### B) PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

#### 9. MOCIÓNS DOS GRUPOS MUNICIPAIS.

##### 9.1. Moción que presenta UNIDAS PODEMOS para a utilización de parte das instalacións da antiga escola unitaria de Traba. Expte. núm. 2024/G006/000041.

Dase conta da seguinte moción:

*“MOCIÓN PARA A UTILIZACIÓN DE PARTE DAS INSTALACIÓNS DA ANTIGA ESCOLA UNITARIA DE TRABA, COMO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DOS PENEDOS DE TRABA*

*que presenta o concelleiro de Unidas Podemos no concello de Laxe, de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a súa inclusión no pleno ordinario do 22 de setembro de 2024.*

##### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*Os Penedos de Traba e Pasarela constitúen un dos conxuntos paisaxísticos e xeolóxicos máis singulares e emblemáticos da nosa comarca, sendo un espazo de grande valor natural, cultural e turístico. Este lugar, declarado Paisaxe Protexida, conta cunha riqueza patrimonial que inclúe formacións rochosas únicas, biodiversidade e unha forte vinculación histórica e cultural co noso territorio.*

*A posta en valor deste patrimonio é fundamental para promover a súa conservación e, ao mesmo tempo, aproveitar o seu potencial como recurso educativo, cultural e turístico. Neste contexto, un centro de interpretación dedicado aos Penedos de Traba sería unha ferramenta clave para informar e sensibilizar á poboación local e aos visitantes, reforzando o compromiso coa súa preservación.*

*No noso concello existe un local municipal recentemente reformado que reúne as condicións axeitadas para este propósito. A súa utilización como centro de interpretación permitiría aproveitar un espazo público infrutilizado, dándolle unha finalidade que contribuiría ao desenvolvemento social, cultural e turístico da nosa comunidade.*

*Desafortunadamente, no Plan de Xestión dos Penedos de Pasarela e Traba inclúense vinte e oito medidas para as que se destinarán 600.000 Euros, pero ningunha delas é a de dotalos dun Centro de interpretación, pese a que xa foi reclamado por entidades como SEMESCOM (Seminario de Estudos Comarcais da Costa da Morte).*

*Mesmo a Asociación de Veciños de Pasarela ofreceu o seu local social, a antiga casa-escola Enrique Labarta. Levar a cabo a nosa proposta suporía un valor engadido para os Penedos, e situar o Centro de Interpretación no noso Concello representaría un polo de atención máis e beneficioso para a contorna.*

*ACORDOS* Por todo isto, propoñemos ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes acordos:

*Iniciar as xestións necesarias cara a destinar o devandito local municipal recentemente reformado como Centro de Interpretación dos Penedos de Traba, dotándoo dos medios necesarios para o seu funcionamento, en colaboración con entidades e asociacións especializadas na conservación do patrimonio natural.*

*Promover actividades educativas, culturais e divulgativas vinculadas aos Penedos de Traba a través deste centro, co obxectivo de sensibilizar á cidadanía e potenciar o valor turístico da zona.*

*Buscar fontes de financiamento complementarias, como subvencións ou convenios con outras administracións, para garantir a sustentabilidade económica do proxecto.*

*Implicar á comunidade local no deseño e xestión do centro, fomentando a participación activa de veciños, asociacións e axentes culturais da zona.*





## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### Conclusión

*A creación dun Centro de Interpretación dos Penedos de Traba nun local municipal reforzará o compromiso do concello coa conservación e valorización do noso patrimonio, converténdose nun punto de referencia para o coñecemento e disfrute deste espazo único.*

*Asdo.: Portavoz do Grupo Municipal de Unidas Podemos.- En Laxe, a 22 de novembro de 2024.-Fernando Del Moral Regaldie”*

Intervén o concelleiro do BNG, Don Xosé Manuel Pose Lema manifestando que o centro de interpretación tería que estar no corazón dos Penedos.

Intervén o alcalde, Don Francisco Charlín Oróns (PP) manifestando que están a traballar nun proxecto para habilitar un espazo interpretativo e de recepción de visitantes do complexo xeolóxico dos Penedos de Traba e Pasarela. Di que a intención do seu grupo é levar a cabo unha actuación a altura deste recurso e que consideran a proposta de Podemos interesante e en sintonía co proxecto pero que o grupo de goberno ten unha visión máis ampla e que a intención é habilitar un espazo útil e sostible economicamente.

Tras breves intervencións os distintos grupos chegan ao acordo de acadar unha proposta conxunta para o Centro de Interpretación dos Penedos de Traba, buscando financiación para elo.

### 9.2. Moción que presenta UNIDAS PODEMOS en canto ó día internacional da eliminación da violencia de xénero. Expte. núm. 2024/G006/000041.

Dase conta da seguinte moción:

*“MOCIÓN CON MOTIVO DO 25N, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES.*

*que presenta o concelleiro de Unidas Podemos no concello de Laxe, de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a súa inclusión no pleno ordinario do 22 de setembro de 2024.*

#### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:*

*As violencias machistas son violacións de dereitos humanos que, segundo a Organización Mundial da Saúde (OMS), afectan a unha de cada tres mulleres, sendo o agresor a maior parte das veces a súa parella. En España, segundo a última macroencuesta elaborada pola Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero, máis da metade das mulleres residentes no país con 16 anos ou máis sufriu algún tipo de violencia polo feito de ser mulleres. Os resultados deste estudo recollen que máis do 14% das enquisadas sufriu violencia física e/o sexual dalgunha parella, actual ou pasada, e que case o 97% delas manifestan sufrir tamén algún tipo de violencia psicolóxica ou económica; fóra do ámbito da parella ou expareja, o 6,5% di sufrir algunha vez violencia sexual, máis da 13% violencia física e máis do 40% acoso. Ademais, o número de vítimas de violencia de xénero aumentou máis dun 12% en 2023, con 36.500 nomes rexistrados polo Ministerio de Xustiza, case a metade, de mulleres de entre 30 e 44 anos. Durante este 2024, a violencia machista cobrouse a vida de 38 mulleres e 26 nenas e nenos quedáronse orfos; botando a vista atrás para mirar as cifras desde que empezasen a recompilarse estes datos en 2003 e 2013 respectivamente, son xa 1.282 as mulleres asasinadas e 459 os menores orfos.*

*Estes números non son outra cousa que a proba de que a relación das mulleres coa violencia é un continuo ao longo de toda a súa vida, de que as violencias machistas son estruturais e de que a súa erradicación é responsabilidade colectiva. Por iso, en cumprimento coas obrigacións internacionais recollidas na Convención para a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller de Nacións Unidas (CEDAW), o Convenio sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica do Consello de Europa (Convenio de Istambul) ou o Convenio sobre a loita contra trátala de seres humanos do Consello de Europa (Convenio de Varsovia), así como da propia Constitución, a Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, e o Pacto de Estado asinado en 2017 supuxeron importantes avances normativos e de políticas públicas para promover a igualdade de xénero e combater a violencia contra as mulleres en España. Pero non basta.*

*E é que, cando pasaron 20 anos desde que a lei contra a violencia de xénero establece o dereito das vítimas a unha atención xurídica, psicolóxica e social de proximidade, permanente e urxente a través das comunidades autónomas e as corporacións locais e grazas a un fondo de financiamento que non foi relevante ata a chegada do Pacto de Estado, segundo a Estatística de Recursos Autonómicos en Materia de Violencia contra a Muller, 5.808 profesionais de 1.340 centros atenden a 68.314 mulleres ao ano ao longo e ancho do Estado. Estas traballadoras, nunhas 90% mulleres, denuncian hoxe a precarización das súas condicións laborais, que está a levar ao absentismo e ao abandono, e a insuficiencia de recursos para a prevención e intervención tras a petición de axuda, con demoras de primeira atención de máis de dous meses en casos como os da Comunidade de Madrid, cando a rapidez é fundamental para dar unha resposta efectiva ás vítimas.*

*En canto á violencia sexual, segundo o Balance de Criminalidade de Interior, en España denúncianse 69 agresións ao día, isto é, máis de dous cada hora, das cales, 14 son violacións, é dicir, unha cada dúas horas. Agresións que, ademais, non deixan de aumentar:*



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

entre xaneiro e xuño de 2024, o total de denuncias por delitos contra a liberdade e indemnidade sexual creceron case un 5%, e iso sen entrar no cómputo as agresións que se perpetran a través de Internet. A fotografía é especialmente preocupante entre a mocidade, pois, segundo un estudo realizado polo Instituto das Mulleres en 2022, preto do 58% das mulleres de entre 18 e 25 anos enquisadas recoñece manter relacións sexuais «sen ganas» ou «por compromiso» e case un 61% di sentir medo de que alguén puidese exercer algún tipo de violencia sexual sobre elas en espazos públicos como rúas, parques, bares e discotecas e ao redor dun 20% teme sufrir unha agresión sexual na súa contorna, xa sexa no centro de estudos, no traballo ou por parte das súas parellas. Acudindo ao último barómetro sobre saúde e benestar publicado por Fad Mocidade, os resultados non son mellores: máis da metade das mulleres de entre 15 e 29 anos cren que poden chegar a sufrir violencia sexual.

A Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de Garantía Integral de Liberdade Sexual, veu dar unha proposta de prevención, protección, persecución e reparación destas violencias cunha nova regulación aos delitos contra a liberdade sexual centrada no consentimento libre. Coñecida como a lei só si é si, esta norma sufriu e sofre o ataque da reacción patriarcal porque supón un cambio de paradigma importantísimo e boa parte do seu contido é descoñecido e estase incumprindo, como a obrigatoria posta en marcha de centros de crises para atender ás vítimas durante as 24 horas do día os 365 días do ano en todas as provincias do país. A dous meses de que venza o prazo ampliado para o seu desenvolvemento, o obxectivo segue estando lonxe de cumprirse.

Pero as violencias machistas maniféstanse de moitas máis formas: trátaa con fins de explotación sexual, a violencia vicaria, a violencia económica e laboral, a violencia obstétrica, a transfobia, a lesbofobia e a bifobia, a violencia racista e xenófoba, o capacitismo e a gordofobia, a violencia dixital e, por suposto, as consecuencias dun xenocidio como o labor por Israel en Palestina; se se exercen contra as mulleres polo feito de selo, son violencias machistas e negalo é unha irresponsabilidade democrática.

Por todo iso, o Grupo Municipal de Unidas Podemos no Concello de Laxe propón ao Pleno os seguintes

### ACORDOS:

**PRIMEIRO.** Que a Corporación Municipal realice durante o mes de novembro, con motivo do Día Internacional da Eliminación das Violencias contra as Mujeres, actividades de sensibilización e actos de mostra de compromiso coa igualdade de xénero e a erradicación do machismo e que, así mesmo, apoie as accións que desenvolvan as asociacións feministas locais.

**SEGUNDO.** Que a Corporación Municipal avalíe o desenvolvemento nas entidades locais e autonómicas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero tras o acordo de distribución dos créditos orzamentarios alcanzado durante a Conferencia Sectorial celebrada o 29 de abril de 2024, así como o seguimento da Estratexia Estatal para combater as Violencias Machistas 2022-2025 deseñada pola Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero e aprobada polo Goberno o 22 de novembro de 2022.

**TERCEIRO.** Que a Corporación Municipal avalíe o desenvolvemento nas entidades locais e autonómicas das medidas establecidas na Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, asegurando a participación activa das vítimas sobreviventes e dos seus familiares para coñecer os obstáculos aos que se enfrontan e adoptar novas medidas para atender as súas necesidades.

**CUARTO.** Que a Corporación Municipal, se non o fixo xa, sómese á iniciativa do anterior Ministerio de Igualdade dos Punto Violeta, dando difusión e exposición aos materiais da campaña en redes sociais e nos espazos de información municipal e atención cidadá, apoiando a posta en marcha dunha campaña de difusión entre o comercio da localidade e comprometéndose a habilitar esta ferramenta de información en todos os eventos municipais.

**QUINTO.** Que a Corporación Municipal sente a escoitar ás mulleres que traballan garantindo o dereito á atención integral das vítimas de violencia machista para coñecer a súa situación laboral e erradicar a precarización do emprego, esixindo a aplicación do Catálogo de Servizos a cubrir cos fondos do Pacto de Estado, en particular, dos seus puntos sexto (destinar o 40% do orzamento a gastos de persoal) e sétimo (difundir os resultados do Sistema común de información e avaliación, orientado á transparencia e á rendición de contas).

**SEXTO.** Que a Corporación Municipal facilite o traballo de contabilización de todos os asasinatos de mulleres polo feito de selo, é dicir, de todos os feminicidios, dentro e fóra da parella ou expareja, e avalíe a situación dos menores en contextos de violencia de xénero no municipio e reforce as actuacións fronte á violencia vicaria e para a protección de nenos e nenas como vítimas directas desta violencia.

**SÉTIMO.** Que a Corporación Municipal facilite a implementación das medidas establecidas na Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de Garantía Integral da Liberdade Sexual, para asegurar que todas as mellores en dereitos feministas aplícanse e hai unha plena protección das vítimas de violencias sexuais, así como que inste á aprobación das melloras propostas na Proposición de Lei Orgánica para o impulso da aplicación desta lei, tales como que a reparación económica para vítimas de violencias sexuais non poida supoñer unha rebaixa da condena se non houbo unha reparación integral á vítima ou que os xulgados de violencia sobre a muller especialícese para atender tamén os delitos de violencias sexuais,

**OITAVO.** Que a Corporación Municipal avalíe a execución nas entidades locais e autonómicas da partida do plan de choque para a economía das cidades e reforzo das políticas de igualdade e inclusión no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia aprobada no anterior Consello de Ministras e Ministros o 24 de maio de 2022 para a creación de centros de asistencia integral 24 horas a vítimas de violencia sexual en todas as provincias e as Cidades con Estatuto de Autonomía e inste o Goberno



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

autonómico a impulsar e poñer en marcha eses centros de crises.

NOVENO. Que a Corporación Municipal facilite a blindaxe do dereito á educación afectivo-sexual con perspectiva feminista e interseccional en todos os niveis educativos mediante a promoción dunha visión da sexualidade en termos de igualdade e corresponsabilidade, con especial atención á prevención das violencias baseadas no xénero e a violencia sexual, o recoñecemento da diversidade sexual, o desenvolvemento harmónico da sexualidade en cada etapa do ciclo vital, sobre todo, durante a adolescencia e a mocidade e a prevención de enfermidades e infeccións de transmisión sexual como o VIH e o VPH e de embarazos non desexados.

DECIMO. Que a Corporación Municipal inste a abordaxe da práctica das nais de alugueiro como unha forma de explotación reprodutiva das mulleres e a violencia obstétrica como unha forma de violencia machista fortalecendo as boas prácticas sanitarias.

DECIMOPRIMERO. Que a Corporación Municipal inste o Goberno a desenvolver unha lei integral para loitar contra trátas de seres humanos que reme na mesma dirección que o Plan Operativo para a protección dos dereitos humanos de mulleres e nenas vítimas de trata, explotación sexual e en contextos de prostitución (2022- 2026), o chamado Plan Camiño, primeira política pública estatal dirixida a mellorar as vidas destas mulleres, e que se reforcen medidas tales como o seu plan de inserción laboral.

DECIMOSEGUNDO. Que a Corporación Municipal inste o Goberno de España a aprobar unha lei antirracista e a modificar a Lei Orgánica 2/2000, do 11 de xaneiro, sobre Dereitos e Liberdades dos Estranxeiros en España e a súa Integración Social, que coloca ás mulleres migrantes vítimas de trata, explotación sexual e en contextos de prostitución en nunha situación de gran vulnerabilidade.

DECIMO TERCEIRO. Que a Corporación Municipal facilite a correcta implementación da lei trans e LGTBI para protexer o dereito para ser de todas as mulleres e poña fin á violencia contra unha parte delas pola súa orientación sexual ou a súa identidade de xénero.

Asdo.: Portavoz do Grupo Municipal de Unidas Podemos.- En Laxe, a 22 de novembro de 2024.- Fernando Del Moral Regaldie”

Tras breves intervencións sobre a oportunidade da moción, chégase ao compromiso de aceptación do punto 4 da mesma. Terminado o debate sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR** 3 (1 do Grupo Mixto (Don Fernando del Moral Regaldie representante de UNIDAS PODEMOS) 2 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema e Dona Isabel María Toja Toja))

**VOTOS EN CONTRA:** 5 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez e Dona Begoña Gegúndez Allo)

**ABSTENCIÓNS:** 0

Polo tanto, queda rexeitada a moción.

### **9.3. Moción que presenta UNIDAS PODEMOS para poñer un novo servizo municipal de baleirado de pozos negros e fosas sépticas daquelas vivendas e establecementos que non estén cubertos pola rede de saneamento. Expte. núm. 2024/G006/000041.**

Dase conta da moción presentada,

*“MOCIÓN PARA PROPOÑER UN NOVO SERVIZO MUNICIPAL DE BALEIRADO DE POZOS NEGROS E FOSAS SÉPTICAS DAQUELAS VIVENDAS E ESTABLECEMENTOS QUE NON ESTÉN CUBERTOS POLA REDE DE SANEAMENTO*

*que presenta o concelleiro de Unidas Podemos no concello de Laxe, de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a súa inclusión no pleno ordinario do 22 de setembro de 2024.*

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*Tendo en conta que a rede municipal de saneamento non cubre actualmente todo o territorio do Concello de Laxe e namentres non se avanza na construción de novas infraestruturas e/ou conexións á actual Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR), o grupo municipal de Unidas Podemos entende necesario atender as necesidades das veciñas e dos veciños que se ven afectados pola limitación da rede de saneamento e, ao mesmo tempo, asegurar que as augas residuais dos pozos negros e das fosas sépticas sexan vertidas en instalacións apropiadas.*

*Ao noso entender este servizo municipal é necesario para asegurar a correcta xestión e tralado dos residuos á EDAR, o respecto total ao medio ambiente e as mellores condicións hixiénico sanitarias dos e das veciñas de Laxe.*

*Este servizo de baleirado iría destinado a vivendas ou establecementos que non dispoñan de servizo de rede de sumidoiros e que as augas residuais vertidas ao pozo negro ou á fosa séptica teñan unha natureza doméstica ou proveñan de centros socio-culturais, casas de turismo rural ou establecementos de hostalería que non teñan acceso á rede de saneamento.*

#### **ACORDOS**

*Por en marcha un novo servizo municipal de baleirado de pozos negros e fosas sépticas para atender as necesidades e demandas dos e das veciñas e para tratar correctamente estes residuos.*

*Asdo,- Fernando del Moral Regaldie Concelleiro do Grupo Unidas Podemos UP de Laxe”*



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

Intervén o concelleiro do BNG indicando os distintos motivos polos cales faise complicado o establecemento dese servizo.

O sr. Alcalde maniféstase e termos similares indicando a falta de recursos.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación a moción proposta, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 1 do Grupo Mixto (Don Fernando del Moral Regaldí representante de UNIDAS PODEMOS)

**VOTOS EN CONTRA:** 5 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez e Dona Begoña Gegúndez Allo)

**ABSTENCIÓNS:** 2 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema e Dona Isabel María Toja Toja))

Polo tanto queda rexeitada a moción proposta.

### **9.4. Moción que presenta o PP de Laxe en canto ó desmantelamento da seguridade preservada pola Garda Civil na provincia da Coruña. Expte. núm. 2024/G006/000040.**

Dase conta da moción presentada,

#### **“MOCIÓN CONTRA O DESMANTELAMENTO DA SEGURIDADE PRESERVADA POLA GARDA CIVIL NA PROVINCIA DA CORUÑA EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*O Partido Popular de Galicia leva anos traballando para conseguir a igualdade de oportunidades entre todos os galegos, independentemente do seu lugar de orixe e de residencia, sexa esta en unha cidade ou no noso rural. Da mesma maneira, é unha premisa fundamental dos principios deste partido o compromiso firme coa seguridade cidadá, e o respaldo e respecto ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, moi especialmente á Garda Civil, que se encarga da seguridade nas áreas rurais, sendo o seu papel cruce para o benestar dos veciños nestas áreas para o aseguramento dunhas condicións de vida que contribúan ao mantemento da poboación nesas amplas áreas rurais.*

*Lamentablemente, as políticas recentes do Goberno de España non están a ser eficaces para manter e acrecentar a seguridade dos cidadáns, xa que, segundo os últimos datos publicados polo Ministerio do Interior, no Balance sobre Criminalidade, a criminalidade no noso país segue aumentando: “ no primeiro semestre do 2024, a criminalidade aumentou un 3%, pasando a taxa de criminalidade por cada mil habitantes de 43,9 puntos en 2017 a 51,7”.*

*En Galicia, desde a chegada de Pedro Sánchez á presidencia, a criminalidade aumentou de maneira preocupante. Segundo o último informe do Ministerio do Interior, as infraccións na Coruña subiron un 3%, cun notable incremento na cibercriminalidade (18,7%), subtracción de vehículos (8,2%), roubos con violencia e intimidación (6,4% e furtos (1,4%).*

*Este incremento non é casual: débese, en parte, ás políticas que favoreceron a impunidad en delitos como a ocupación, as agresións sexuais ( coa Lei do “Si é Si ” ou a amnistía: a mensaxe que o goberno envía coas súas decisións é que cometer delitos non sempre ten as consecuencias penais que debese. A xestión económica do goberno, particularmente en relación coa inflación, tamén agravou a situación económica e a combinación de todo iso propicia unha contorna de maior inseguridade e criminalidade.*

*Nos pequenos municipios e áreas rurais, as dificultades existentes para atopar emprego, a menor dispoñibilidade de servizos e o aumento da inseguridade, agrava o despoboamento e a deterioración rexional. A Garda Civil ten como misión principal protexer estas zonas, especialmente as afastadas dos núcleos urbanos , asumindo competencias en seguridade cidadá. Con todo, os proxectos do Ministerio do Interior e do ministro Grande Marlaska son o peche de cuarteis, a redución de horarios e a eliminación de numerosos postos no persoal: a Orde Xeral 25/2023, do 28 de decembro, que regula as Compañías e Postos territoriais da Garda Civil prevé o peche de varios postos auxiliares, incluíndo catro na Coruña:.*

- *Somozas, Cariño e Touro: tres municipios rurais con menos de catro mil habitantes e con desafíos significativos en termos de despoboamento.*
- *A Pobra do Caramiñal: un municipio costeiro con menos de dez mil habitantes cun serio aumento das cifras de delitos cometidos.*

*O desmantelamento da Garda Civil en pequenos municipios e zonas rurais afecta gravemente á Coruña. Segundo unha resposta oficial do Goberno de novembro de 2023, “ os cuarteis na provincia só ofrecerán atención presencial ao público no horario de 9:00 a 14.30. Fóra deste período, a atención limitarase ás canles dixitais, como internet, vía telefónica ou a través da aplicación AlertCorps” Esta redución é incongruente coas necesidades das comarcas da provincia, que requiren unha presenza constante das forzas de seguridade debido á escaseza de recursos e a dispersión xeográfica. É imperativo que o Goberno manteña a presenza da Garda Civil en todos os municipios, especialmente nas áreas rurais, onde o seu recoñecemento da realidade local e comarcal é crucial para garantir a seguridade e protexer os dereitos e liberdades dos residentes.*



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

*Esta decisión do ministro do Interior é aínda máis preocupante se consideramos que, na Coruña, faltan 122 efectivos por completar o catálogo de postos, 213 atópanse en baixa médica e que en toda a provincia unicamente existen 12 postos abertos as 24 horas, segundo a publicación do Ministerio do Interior:*

- *5 compañías, 5 PAFIF, 7 postos principais, 3 postos auxiliares e 41 postos da Garda Civil.*
- *1.833 efectivos activos na provincia, con 113 efectivos ocupados en situación de reserva, 213 en situación de baixa médica, o que fai un total de máis de 300 axentes ausentes e, xunto coas xubilacións producidas neste pasado ano, o número total de activos redúcese a 1.696 en setembro, segundo unha resposta a unha pregunta parlamentaria presentada polo GPP no Congreso.*

*Por último, non hai que esquecer en maio deste ano, o Grupo Popular Provincial presentou ante o pleno da Deputación unha moción a fin de que se celebrase unha reunión entre o Delegado do Goberno e os alcaldes da provincia, co obxecto de que se explicase o horizonte a medio prazo da Garda Civil no ámbito provincial, pero a iniciativa foi rexeitada co voto de calidade do presidente da Deputación, facendo inviable unha interlocución directa co máximo representante da Administración do Estado en Galicia.*

*Por todo iso, O Concello de Laxe insta o Goberno de España a:*

- 1. Reforzar e recoñecer o labor que realiza a Garda Civil, comprometéndose a manter a súa presenza en todos os postos da Garda Civil na provincia da Coruña, proporcionando recursos adicionais tanto en persoal como en medios materiais.*
- 2. Establecer unha colaboración efectiva cos concellos da provincia da Coruña para asegurar a adecuada protección da seguridade cidadá.*
- 3. Garantir a atención presencial nos cuarteis da provincia da Coruña durante as 24 horas do día para atender as necesidades dos cidadáns.*
- 4. Evitar o peche de calquera posto na provincia da Coruña.*
- 5. Reforzar de maneira urxente os Postos da Garda Civil en todas aquelas áreas que carecen de Policía Local.*
- 6. Cubrir todas as prazas vacantes no catálogo de postos de traballo para a provincia da Coruña que actualmente están desocupadas.*
- 7. Desenvolver un plan de incentivos profesionais e económicos para atraer axentes aos postos de baixa demanda no medio rural.*
- 8. Utilizar urxentemente as vacantes do persoal en reserva sen destino aumentando a dotación de axentes na provincia da Coruña.*

*Laxe (A Coruña), a 21 de novembro de 2024.- Asdo. Francisco Charlín Orons.- Portavoz do Grupo Municipal do PP."*

Tras breves intervencións, sométese a votación a moción proposta, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 7 [(5 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez e Dona Begoña Gegúndez Allo) 2 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema e Dona Isabel María Toja Toja).

**VOTOS EN CONTRA:** 1 do Grupo Mixto (Don Fernando del Moral Regaldie representante de UNIDAS PODEMOS)]

**ABSTENCIÓNS:** 0

Polo tanto queda aprobada a moción proposta.

### **10. DACIÓN CONTA DECRETOS DA ALCALDÍA. Expte. Núm. 2024/G003/000037.**

En cumprimento do disposto no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dase conta ao Pleno das Resolucións en extracto adoptadas pola alcaldía dende a convocatoria da última sesión do Pleno ordinario ata a convocatoria da sesión de hoxe.

Nº Decreto	Nº de Expediente	Asunto
00678/2024	2024/G003/000696	PADRÓNS DE CONTRIBUINTES DO ABASTECIMENTO DE AUGA, CONSERVACION, ACOMETIDA E CONTADORES, CANON DE AUGA E COEFICIENTE DE VERTIDO, TERCEIRO TRIMESTRE ANO 2024
00679/2024	2024/G003/000697	AUTORIZACIÓN DE COMISIÓN DE SERVIZOS A S.V.M. PARA ASISTIR A UN CURSO DE FORMACIÓN NA DEPUTACIÓN DA CORUÑA OS DÍAS 26 E 27 DE SETEMBRO DE 2024
00680/2024	2024/G003/000698	DEVOLUCIÓN DE INGRESO INDEBIDO DA SUBVENCIÓN, EXPEDIENTE: TR331F 2022/000073-00
00681/2024	2024/G003/000695	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 26 DE SETEMBRO DE 2024
00682/2024	2024/G003/000699	APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURA F/2024/42
00683/2024	2024/G003/000703	APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS. F/2024/ 43 . SUBVENCIÓN MELLORA DE COLECCIÓN BIBLIOGRÁFICAS PARA A BIBLIOTECA MUNICIPAL
00684/2024	2024/G003/000702	Tramitación de Decretos - 9950000033066 Acuerdo Inicio Acuerdos de Inicio



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

00685/2024	2024/G003/000709	COMISIÓN DE SERVICIOS A I.M.C.A. PARA ASISTIR A CURSO NA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
00686/2024	2024/G003/000705	ASIGNACION COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE Á AUXILIAR ADMINISTRATIVA A.D.V.MES AGOSTO
00687/2024	2024/G003/000704	ASIGNACION COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE Á AUXILIAR DE SERVICIOS SOCIAIS AGOSTO
00688/2024	2024/G003/000706	ASIGNACIÓN DO COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE AO OPERARIO DE SERVICIOS MUNICIPAIS J.M.S.P. MES AGOSTO
00689/2024	2024/G003/000707	ASIGNACION COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE AO ENCARGADO DA OFICINA MUNICIPAL DE INFORMACIÓN XUVENIL MES AGOSTO
00690/2024	2024/G003/000708	AUTORIZACIÓN DE COMISIÓN DE SERVICIOS A B.C.G.PARA ASISTIR A UNHA XORNADA FORMATIVA: O MODELO DE XESTIÓN DE RESIDUOS DA LEI 7/2022
00691/2024	2024/G003/000710	CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26 DE SETEMBRO DE 2024
00692/2024	2024/G003/000713	Convocar á unidade técnica (Servizo de contratación) para ) para dar conta informe baixas temerarias e, no seu caso, realizar proposta de adjudicación. Obra: "Mellora de camiños rurais na parroquia de Serantes, Concello de Laxe"
00693/2024	2024/G003/000715	Aprobación do plan de actuacións para minimizar as perdas de auga
00694/2024	2024/G003/000714	Contrato Menor: para a prestación do servizo das escolas deportivas para a tempada 2024-2025.
00695/2024	2024/G003/000716	NOMINA DO MES DE SETEMBRO DE 2024
00696/2024	2024/G003/000717	Reserva de instalacións A.I.V.R.
00697/2024	2024/G003/000718	Aprobación da factura núm. 24 11 de data 24/09/2024 de L.J.S.L., por importe total de 6.648,95 euros relativa á realización do "Auditoría municipal de abastecemento e Plan de actuacións para minimizar as perdas de auga do Concello de Laxe"
00698/2024	2024/G003/000719	Reserva de instalacións: M.M.C.T.
00699/2024	2024/G003/000720	DECRETO POLO QUE SE APROBA AS FACTURAS, CONTA XUSTIFICATIVA E CUMPRIMENTO DA FINALIDADE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A FESTA DO NAUFRAXIO DE LAXE 2024.
00700/2024	2024/G003/000721	Aprobación da conta xustificativa final da realización de Auditoría municipal de abastecemento e pla
00701/2024	2024/G003/000712	DECRETO DE ALCALDÍA POLO QUE SE ADXUDICA O CONTRATO MENOR DE SERVIZO PARA A REALIZACIÓN DA CARTELERÍA PARA A CAMPAÑA DO "BLACK FRIDAY" DO 29 DE NOVEMBRO DE 2024.
00702/2024	2024/G003/000701	CONTRATO MENOR DE OBRA DE REPARACIÓN DE PAREDES E PINTADO DA BIBLIOTECA MUNICIPAL ANTÓN ZAPATA GARCÍA E REMATE DAS PAREDES E COLUMNAS DO SALÓN DE ACTOS CULTURALS MUNICIPAL.
00703/2024	2024/G003/000722	Tramitación de Decretos - 9950000033120 Acuerdo Inicio Acuerdos de Inicio
00704/2024	2024/G003/000723	PMH SETEMBRO 2024
00705/2024	2024/G003/000725	Contrato Menor; prestación do servizo de impartición das clases de Taekwondo dende 1 de outubro do 2024 ata 31 de maio do 2025.
00706/2024	2024/G003/000724	AUTORIZACIÓN DE COMISIÓN DE SERVICIOS Á SECRETARIA DESTA CONCELLO, B.C.G. PARA DESPRAZARSE Á FEGAMP EN SANTIAGO DE COMPOSTELA OS DÍAS, 2, 9, 16 E 23 DE OUTUBRO DE 2024 PARA ASISTIR A UN CRUSO DE FORMACIÓN
00707/2024	2024/G003/000711	PAGO A JUSTIFICAR A P.M.R. ITV VEHICULO MATRICULA 4262LSR
00708/2024	2024/G003/000726	PAGO A JUSTIFICAR A A.L.A.. ITV VEHICULO C1035G
00709/2024	2024/G003/000727	PAGO A JUSTIFICAR A A.L.A., ITV VEHICULO MATRICULA C9354AU.
00710/2024	2024/G003/000729	Adjudicación contrato menor de subministro para a "Adquisición de desbrozadoras e soplador". Subvencionado pola Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, Fondo de compensación ambiental.
